


O ALEITAMENTO ALLEO NA GALICIA DA IDADE MODERNA. UN ESTUDO SOBRE O OFICIO DE AMA DE CRÍA.



ALUMNA: Alba Freire Fontaíña
TITORA: Ofelia Rey Castelao
CURSO: 2023/2024
DEPARTAMENTO DE HISTORIA MODERNA



Traballo de Fin de Grao presentado na Universidade de Santiago de Compostela na facultade de Xeografía e Historia para a obtención do título do Grao en Historia.

Resumo: No presente traballo abórdase a cuestión do aleitamento alleo -por mulleres diferentes das nais- dende unha perspectiva ampla na que se entrecruzan os aspectos sociais, económicos e culturais. Deste xeito, a través da consulta de bibliografía especializada, tratamos de comprender e explicar que a función desenvolta polas amas de cría na Idade Moderna no Reino de Galicia foi esencial para a supervivencia das crianzas e ao mesmo tempo, unha actividade pagada que abarcou os estratos máis baixos da sociedade. As amas de expósitos, controladas polas institucións asistenciais, eran a maioría e cumpriron un papel social chave e incluso cultural. Neste senso, aquí abordárase tamén os vínculos afectivos e o grao de aceptación ou rexeitamento desta función, así como a intervención das amas no amadriñamento dos nenos e nenas abandonados nos tornos e a onomástica que se lles aplicaba. Finalmente, os conflitos derivados da relación entre as amas de cría e os menores.

Palabras chave: Ama de cría, Galicia, Idade Moderna, aleitamento, crianza.

Resumen: En el presente trabajo se aborda la cuestión del amamantamiento ajeno -por mujeres diferentes a las madres- desde una perspectiva amplia en la que se entrecruzan los aspectos sociales, económicas y culturales. De esta manera, a través de la consulta de bibliografía especializada, tratamos de comprender y explicar que la función desarrollada por las amas de cría en la Edad Moderna en el Reino de Galicia fue esencial para la supervivencia de los niños y al mismo tiempo, una actividad pagada que abarcó los estratos más bajos de la sociedad. Las amas de expósitos, controladas por las instituciones asistenciales, eran la mayoría y cumplieron un papel social clave e incluso cultural. En este sentido, aquí se abordarán también los vínculos afectivos y el grado de aceptación o rechazo de esta función, así como la intervención de las amas de cría en el amadrinamiento de los niños y niñas abandonados en los tornos y la onomástica que se les aplicaba. Finalmente, los conflictos derivados de la relación entre las amas de cría y los menores.

Palabras clave: Ama de cría, Galicia, Edad Moderna, amamantamiento, crianza

Abstract: This paper addresses the question of breastfeeding of others -non biological mothers- from a wide perspective in which social, economic and cultural aspects are interconnected. Thus, through the consultation of specialized bibliography, we attempt to understand and explain that the wet nurse function in the Modern Ages in the Galician Kingdom was essential for the child survival and, at the same time, it was a paid activity that involved the lower levels of society. The foundling wet nurses, controlled by care institutions, were the majority and they played a key social and even cultural role. In this sense, here we will also address the emotional bonds and the level of acceptance or rejection of this function as well as the intervention of the wet nurses in the intervention of the wet nurses in the sponsorship of the children abandoned in the baby hatch and the onomastics applied to them. Finally, conflicts arising from the relationship between wet nurses and minors.

Key words: wet nurse, Galicia, Modern Ages, breastfeeding, raising.

TÁBOA DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN	4
1.Estado da cuestión.....	5
2. O número e a distribución social e territorial da práctica do aleitamento alleo	6
2.1. Os sectores ricos e acomodados	6
2.2. Os sectores pobres e necesitados de ingresos.....	9
2.3. O sistema de aleitamento institucional.....	10
3. Ser ama de cría era un traballo	15
3.1. Quen o facía e cales eran as razóns	15
3.2. Os soldos	17
3.3. Obrigas e deberes	22
4. O significado social e cultural.....	23
4.1. A aceptación ou rexeitamento do abandono de expósitos e o seu coidado	23
4.2. O bautismo: onomástica e implicación no corpo de amas de cría.....	25
5. Os afectos	29
5.1. O fío que unía aos nenos e ás amas de cría	30
5.2. O porfillamento	32
5.3. O futuro dos nenos e nenas	33
6. Os conflitos derivados da relación entre os menores e as amas de cría	34
6.1. Abusos e fraudes	34
6.2. Protestas e rexeitamentos	36
CONCLUSIÓN	37
BIBLIOGRAFÍA.....	40
ANEXOS.....	45

INTRODUCCIÓN

Ao longo do presente traballo vaise desenvolver un breve estudo ao redor da figura da ama de cría e o aleitamento alleo -por mulleres diferentes ás nais- dentro das fronteiras do Reino de Galicia. Abordarase dende unha perspectiva ampla, na que se entrecrucen os aspectos sociais, económicos e culturais. Tendo en conta o anterior o obxectivo será, comprender e explicar que a función desenvolta polas amas de cría na Idade Moderna no Reino de Galicia foi esencial para a supervivencia das crianzas e ao mesmo tempo, unha actividade pagada que abarcou os estratos máis baixos da sociedade e tivo unhas fondas consecuencias sociais, culturais e tamén legais.

Deste xeito, a metodoloxía empregada baseouse na consulta de bibliografía especializada a partir da cal se construiu o corpo do traballo. O arco temporal ao que se adscriben estas obras parte dos estudos máis clásicos referidos ao Reino de Galicia e ás institucións asistenciais con autores como Eiras Roel que se circunscriben á década de 1960. A partir de aquí, o percorrido abrangue historiografía relacionada coa historia social, demográfica e historia das mulleres, ata chegar aos estudos destes últimos anos.

O aleitamento alleo configúrase como unha práctica frecuente en todo o Antigo Réxime fronte a inexistencia dun substitutivo á leite materna. Iniciouse como propia dos estratos máis elevados, conformándose así como símbolo de estatus, rematou por estenderse aos sectores máis baixos da sociedade durante o século XVIII. A figura das amas de cría, por definición feminina, aparece tamén vinculada ao sistema asistencial e ás institución de caridade encargados de abordar o problema da exposición infantil, sendo as amas de expósitos as máis frecuentes. Figura chave do sistema, este traballo sobrepasa o eido económico máis evidente para vincularse tamén cunha vertente social e cultural. As amas de cría conformaban as primeiras redes dos menores aínda cando estas eran desiguais, o que para unhas era unha actividade económica máis para os outros era a súa única posibilidade de supervivencia. Ademais o sistema de madriñazgo e o nomeamento destas crianzas outorgáballes unha primeira personalidade alonxada da súa condición de vida. Porén, o aleitamento alleo non estaba exento de protestas, conflitos, abusos e fraudes a consecuencia das míseras condicións nas que se vían obrigadas a desenvolver o seu traballo.

No caso do Reino de Galicia o Hospital Real de Santiago de Compostela era o centro da rede asistencial. Única institución ata o século XVIII, os datos remítennos á precariedade dun sistema que, atendendo as altas taxas de mortalidade, era, canto menos, insuficiente.

1.Estado da cuestión

O aleitamento alleo é un tema de recente interese historiográfico, moi vinculado ao traballo da ama de cría, podemos relacionalo co social, o económico, o cultural e o demográfico e territorial. A diferenciación que podemos establecer a este respecto na bibliografía vinculada ao Reino de Galicia, bibliografía clásica e recente, marca tamén o propio enfoque dos estudos.

Deste xeito, dentro da bibliografía clásica podemos atopar autores cuxa obra se vincula a Historia Social pero tamén á Demografía Histórica como é o caso de Eiras Roel ou Enrique Martínez Rodríguez. Por outra banda, dentro deste grupo cómpre mencionar as aportacións de toda aquela historiografía vinculada ás mulleres, representada por autores e autoras como Serrana Rial, Ofelia Rey, Rubén Castro ou Isidro Dubert. Nestas obras cuestiónase a relación entre “mulleres”, “traballo” e “familia” e búscase determinar a súa natureza. Así, a investigación oríentase cara os factores explicativos das mesmas. Os empregos das mulleres, a importancia da economía familiar ou a organización do traballo serán temas claves nestes estudos. (Rial García, 2005; 7) Os estudos sobre o fenómeno da exposición darán agora os primeiros pasos, centrándose en reconstruír a historia institucional das casas de expósitos -incluíndo os soldos, o volume de entradas, as funcións detalladas nas normativas, etc.- e en analizar o propio fenómeno da exposición. Aquí, a figura das amas de cría aparece como un axente máis dentro da cadea asistencial ou dentro de obras máis completas sobre o traballo de mulleres, sen ter, en moitos casos, un espazo diferenciado.

A historiografía recente sobre as amas de cría e o fenómeno do aleitamento alleo reúne autoras como Carmen Sarasúa, Margarita Torremocha, Tamara González López, María del Prado Fuente Galán ou Mónica Bolufer Peruga. Estes estudos centran a súa atención no papel desenvolto polas amas de cría de maneira específica.

Alén desto, atopamos traballos que tratan aspectos. Será o caso do madriñazgo e onomástica de expósitos ou os relativos ao soldo. En relación a esto último, os estudos sobre os soldos históricos son obxecto de renovado interés nestes últimos anos. Agora abandónase a idea de que o xornal masculino é un indicador dos ingresos do fogar o que invisibilizaría a porcentaxe de fogares con xefatura de mulleres e a importancia das retribucións de mulleres e nenos. (Sarasúa García, Erdozain Azpilicueta e Hernández García, 2023; 244) Búscase estudar a importancia e o impacto que a retribución polo traballo de ama de cría supuña tanto para o núcleo familiar como, nun contexto máis amplo, a zona na que se inxectaban estes cartos. Porén, a falta de documentación dificulta a realización doutro tipo de estudos como aqueles sobre as amas de cría das clases máis elevadas nas cidades galegas ou territorio circundante. Tampouco hai apenas obras que analicen o fenómeno da exposición galega no seu conxunto.

2. O número e a distribución social e territorial da práctica do aleitamento alleo

A actividade desenvolta polas amas de cría traspasa na Europa da Idade Moderna as fronteiras dos grupos sociais acomodadas. A partir do século XVIII tratábase xa dunha práctica frecuente en familias burguesas, artesás e comerciantes, quedando o aleitamento por parte da nai biolóxica como unha actividade propia das clases máis humildes. Deste xeito, créase todo un mercado laboral cunhas características definidas no século XVIII que se proxectará sobre a distribución territorial e social do Reino de Galicia. Será nisto último do que trate este terceiro punto, recollendo aquí tamén a tipoloxía das amas de cría que podemos establecer como aquelas que traballaban para familias adineiradas e as que eran pobres. Diferenciando, neste último caso as empregadas na crianza dos expósitos.

2.1. Os sectores ricos e acomodados

O emprego de amas de cría para a crianza dos fillos foi, ata o século XVII privativo da alta nobreza, estendéndose a medida que avanzaba a modernidade pola baixa nobreza e a burguesía como símbolo de distinción social. Será a realeza a encargada de marcar os patróns e preferencias que, máis adiante, se trasladarán ás clases sociais máis adineiradas. A opción que estes acollían foi o aleitamento dos nenos e nenas na propia casa, atendendo a crítica médica que se facía o estado de salubridade das casas das amas de cría. Ademais

da posibilidade de empregarse todo o tempo nesta actividade e controlar a súa alimentación e, en consecuencia, a do menor.

Os motivos esgrimidos polas clases altas recollen consideracións sociais que chocan coa concepción do aleitamento. A máis importante era manter a dispoñibilidade para realizar as súas actividades sociais diarias, principalmente, e sexuais no matrimonio, podendo ocorrer outros embarazos (Alcalá Galán, 2022; 239). Tendo isto en conta a busca da ama comezaba antes da propia data de parto da man da comadre da zona ou do médico da familia e cumpría toda unha serie de condicións. Facíase preferentemente entre zonas rurais pois considerábase que estas eran mas honestas, sans e traballadoras, características que fan ser transmitidas aos seus fillos a través do aleitamento¹. Na mesma liña, buscouse tamén o cumprimento de toda unha serie de características físicas e morais. O primeiro foi mulleres casadas, de boas costumes e carácter. Isto era garantido polo párroco quen expedía un certificado de boa conducta (Alcalá Galán, 2022; 245). Ademais buscábase que estiveran aloxadas do leite para garantir o celibato². Tamén o médico tiña que aportar un certificado garantindo o bo estado de saúde das candidatas. Para elo, facíase unha revisión pormenorizada das aspirantes: buscábase algunha afección ou comprobábase a calidade e cantidade do leite que producían.

A preferencia das localizacións no conxunto da Península variou ao longo do tempo. Deste xeito, logo da expulsión dos xudeus no 1492 buscouse a limpeza de sangue e de leite, motivo polo que os lugares de provisión destas mulleres foron zonas cunha porcentaxe elevada de cristiáns vellos. Así, tanto os Austrias como os Borbóns buscaron as súas amas de cría nas dúas Castelas e no norte da península. Posteriormente, durante o reinado de Fernando VII elixíronse amas de cría pasiegas para a crianza de Isabel II (Rodríguez García 2017; 46). Estas demandas e preferencias migraron da Corte ao resto dos sectores privilexiados. Galicia configuraríase así como un dos lugares que nutren este mercado e, como tal, rexístrase o desprazamento de mulleres ata estas cidades - preferentemente Madrid- seguindo as rotas migratorias clásicas a Castela.

¹ A tratadística científica do momento ten, a este respecto, dous principios base. O primeiro é que o leite é sangue branqueada e que, como tal, é a mesma substancia que forma o neno ou nena. O segundo dos principios é que a natureza moral da alma se recibe a través do leite. Deste xeito, rango social, virtudes e cualidades son transmitidos a través do “sangue” das amas de cría. (Alcalá Galán, 2022; 240-243)

² Considerábase que as relacións sexuais puñan en perigo o menor que era envenenado polo semen (Alcalá Galán, 2022; 239).

Trataríase pois dunha migración temporal a cidades grandes que non implicaría romper cos lazos familiares ou coa comunidade. Seguían o modelo típico, estancia de dous ou tres anos e regreso para reverter as ganancias na explotación familiar, especialmente no caso das casadas. O destino máis importante foi Madrid pois era unha sociedade rica cunha gran oferta de traballo non cualificado. Para efectuar estes desprazamentos, como xa se sinalou, empregábanse as rotas migratorias típicas e creábanse continxentes de mulleres dunha mesma localidade que viaxaban xuntas. Así:

“os desprazamentos estacionais das galegas constátanse dende fins do século XVI ían a Castela nas gavillas de segadores e en XVIII constituían un terzo deses continxentes; en 1747 a Real Audiencia de Galicia prohibiu a migración de solteiras, pero en 1762, dada a súa necesidade en Castela, permitíuselles ir, acreditando ser mulleres, fillas ou irmás de segadores” (Rei Castelao, 2007; 100)

Para que isto se puidera dar, era necesario que existisen redes de comunicación que funcionasen coma un medio de captación e de información. Neste senso, podemos facer a distinción entre aqueles que teñen un carácter informal e as formais. As primeiras, as máis abundantes, son tamén as que non deixan rexistro pola súa condición de oralidade. Trátase daquelas cuxos axentes de enganche remiten a relacións de vecindade -tendeiras, criadas, costureiras, outras amas de cría, etc.- ou familiares e de amizade (Rey Castelao, 2022; 155). Especialmente importante foi o caso dos párrocos, os mestres e os médicos que cumprían unha función bidireccional. Por un lado, informaban das mulleres que podían estar dispostas a exercer como amas de cría e, por outro, das que precisaban dunha. Porén, en moitas ocasións son redes precarias, que pola proximidade a marxinalidade dos seus axentes, levan os novos membros á mendicidade, á delincuencia e á prostitución.

No caso das redes de carácter formal, aínda que non se rexistran para o caso galego, atopámonos os sistemas de anuncios dos xornais e gacetas locais. Aquí, dende finais do século XVIII ata mediados do XX, incluía-se un apartado sobre a oferta e a demanda deste traballo con información de interese para as aspirantes o posto -idade, limpeza de sangue ou posibilidade de que fora un amamantamento a *media teta*-. Había tamén axencias especializadas no *acomodo de damas* e puntos de información e encontro para todos aqueles que puideran estar interesados: mesóns, prazas, tendas, etc. (Rodríguez García 2017; 46).

2.2. Os sectores pobres e necesitados de ingresos

Os sectores pobres foron a canteira máis importante de amas de cría para o conxunto da realidade do Reino de Galicia. O sistema de aleitamento alleo facía necesario a contrata destas mulleres non só dende as institucións nas que se desenvolvía este traballo -que eran a maioría e trataranse no seguinte punto- senón tamén naquelas casas dos sectores medios e máis baixos. Máis alá de ser un símbolo de prestixio para as clases altas o aleitamento alleo era, en moitas ocasións, unha actividade necesaria. Neste senso, podemos destacar a todas aquelas nais que, por cuestións médicas e biolóxicas, non podían alimentar aos seus fillos ou os nenos e nenas que foran. Para as mulleres contratadas, o traballo de ama de cría supuxo unha forma de entrada de cartos nos fogares de gran importancia así como o desenvolvemento económico da zona de partida. Os mercados que se desenvolven ao seu redor son dous: as que traballan na casa dos pais e as que buscan que o neno se críe na propia casa.

A elección da masa de traballadoras está condicionada polas propias características demográficas, sociais, económicas e espaciais do Reino de Galicia. Así, no século XVIII -momento no que o aleitamento alleo alcanza os estratos máis baixos- os datos catastrais indican que os “*pobres ostiatim*” correspóndense co 0.42% da poboación galega e o dos veciños pobres co 1.17%. A súa distribución varía entre o campo -recóllense un ou dous- e a cidade, cun maior porcentaxe³. A pesar destes datos a condición da masa de campesiños estaba, en trazos xerais, no limiar de pobreza. Isto supuña a miseria nas situacións de crise. As cifras que se manexan son elevadas, un 20% de “pobres conxunturais” e entre o 50% e o 70% de campesiños nesta situación de subsistencia. Acompañando estes datos, a maioría das familias pobres correspondíanse con aquelas que tiñan unha xefatura feminina. Un exemplo é o caso de Santiago de Compostela, o 61% dos pobres de solemnidade eran mulleres e o 75% dos fogares pobres eran de xefatura feminina. (Barreiro Mallón e Rey Castelao, 1996; 560-561) Deste xeito, as mulleres atoparon no exercicio do aleitamento alleo unha forma de ingreso que podía complementar esta situación deficitaria e que será abordada no punto 4.2 deste traballo.

³ Atopamos aquí por exemplo o caso de Santiago de Compostela, o máis destacado por ser o punto central de todo o sistema de beneficencia galego. O número de pobres de solemnidade era do 9.2% que supuña, a súa vez, o 23.2% do total dos pobres declarados no conxunto da provincia. (Barreiro Mallón e Rey Castelao, 1996; 560)

Da mesma maneira, as institucións contratantes carecían de ingresos suficientes para poder ofertar postos a mulleres que non pertencían os estratos sociais máis baixos.

Ante isto, determinamos que a maior parte do aleitamento alleo corría en mans destes sectores pobres e necesitados de ingresos que se entendían polo conxunto do territorio rural do Reino de Galicia. Proba disto son as amplas áreas de influencia que se establecerán como zonas de reparto para os hospicios galegos e que serán tratadas a continuación. Porén, podemos extrapolar en base ao aquí recollido que tamén nas cidades tivo que existir todo un mercado de traballo para estas mulleres. O radio de recrutamento tivo que ser, o igual que no resto de localidades, variable en función da demanda, contraéndose ou dilatándose o seu círculo de influencia entre as aldeas próximas (Rey Castelao, 2022; 157). As canles de recrutamento foron fundamentalmente orais, non hai constancia de xornais propios nos que se rexistren este tipo de anuncios mencionados, e, en consonancia, de carácter informal.

2.3. O sistema de aleitamento institucional

Para poder tratar a distribución social e territorial de amas de cría vinculadas ás inclusas do Reino de Galicia, sexa como nutrices internas ou externas, cómpre expoñer aquí o funcionamento e composición da rede de caridade establecida durante o Antigo Réxime. Tendo en conta sempre a súa evolución cara un sistema descentralizado en consonancia co aumento da exposición (Táboas 1 e 2) e a súa estreita relación entre o corpo de traballadoras e a pobreza.

No caso galego tratábase dunha rede centralizada con punto cero na Inclusa do Hospital Real de Santiago de Compostela⁴. Isto mantívose así ata 1775 cando, por mor do aumento da exposición infantil e as altas taxas de mortalidade (Táboa 1 e 2 e Gráficos 2 e 3), se implanta un sistema de recollida da expósitos descentralizado. Haberá agora unha serie de inclusas periféricas -abriranse unha casa de expósitos en cada unha das sete provincias- que permite aumentar o espazo asistencial. En consecuencia, a distancia

⁴ O Hospital Real de Santiago de Compostela foi creado en 1492 polos Reis Católicos, monarcas que inauguraron o patronato real sobre esta institución. As súas primeiras *Constitucións* concedeullas Carlos I en 1524. Nelas queda establecido a funcionalidade do hospital como inclusa o que se manterá no tempo. Así, ata o século XIX é o máis impostante en todo o territorio. Ademais atendeu a peregrinos e enfermos e, a partir das *Constitucións* de 1590 concedidas polo rei Felipe II, tamén a soldados enfermos. (Sarasúa García, 2021; 48)

obrigada que tiñan que percorrer os expósitos para chegar a unha institución deste tipo - un dos momentos máis críticos para a súa supervivencia- tamén diminuírá (Sarasúa García, 2021; 48-49). No XIX estas institucións pasarán a formar parte do sistema nacional de beneficencia. Na primeira metade deste século o aparello reséntese, primeiro pola guerra contra o francés e despois pola insuficiencia de recursos que leva á promulgación da Lei de Benevolencia de 1822⁵. As guerras carlistas provocaron o desprazamento das poboacións rurais e a irrupción das comunicacións (Sarasúa García, Erdozáin Azpilicueta, Hernández García, 2023; 249-250). O sistema de asistencia mencionado e os cambios que nel se producen proxectaranse sobre a distribución social e territorial do espazo galego pois definirá os lindes do mercado de traballo e creará áreas especializadas (Sarasúa García, 2021; 48,49).

O modelo de atención os expósitos que aquí e no resto de institucións que emerxen no século XVIII se aplica era o dos repartimentos. O sistema iniciábase cando un neno ou nena abandonado -pero non necesariamente ilexítimo- entraba no hospital. Isto podía ocorrer porque era depositado no torno da inclusa ou porque fora trasladado dende a localidade na que fora atopado. Aquí, en caso de non estalo, era bautizado e pasaba a disposición das amas de cría internas mentres a Ama Maior lle localizaba unha ama externa. No momento que isto ocorría, púñase en marcha a saída do expósito quen era trasladado polas amas de asento ou “condutoras” ata a localidade da ama de cría. Aquí residirá durante toda a crianza e a muller que se encargaba del pasaba a ser asalariada da institución (Fuente Galán, 2001, 211).

O corpo de traballadoras foi aumentando e perfeccionándose ao longo do tempo para adecuarse o máis posible ao protocolo seguido coa chegada dun expósito. No caso do Hospital Real de Santiago de Compostela contaba nun inicio coa Ama Maior de expósitos e coas amas de cría externas. Deste xeito, ata a promulgación da Real Cédula de 1736 o hospital non dispuña de amas de cría internas, provocando que “os expósitos a veces permaneceran ata seis ou oito días mantidos con sopa e viño, por non haber quen os alimentara”. O Rei ordena a contratación de dúas amas que quedarán asimiladas como traballadoras a xornal en 1801 (Rial García, 1995; 140) e o seu número aumentará a catro

⁵ Nela recoméndase que para poder cubrir o coidado de expósitos se recorra ás Hermanas de la Caridad ou a mulleres nobres.

en 1773, sendo estas dúas amas de asento (Eiras Roel, 2004; 403). Coa intención de paliar as defuncións, Carlos IV promulga o Real Decreto do 11 de decembro de 1796 no que se establece que o traballo de buscar amas de cría recae sobre o párroco de cada localidade e obriga a que se “establezan casas de acollida de expósitos en cada diocese de tal forma que non disten de máis de doce ou catorce leguas dunha casa principal” (Fuente Galán, 1997, 76-77). No resto de casas de acollida de expósitos galegas, as traballadoras terán, en esencia, os mesmos cargos aínda que o número e o soldo varíen.

Deste xeito, o sistema de asistencia mencionado -co seu consecuente corpo de traballadoras- e os cambios que nel se producen proxectaranse sobre a distribución social e territorial do espazo galego pois definirá os lindes do mercado de traballo e creará áreas especializadas. O caso da Ama Maior de expósitos e das amas de cría internas non será abordados aquí de maneira extensa pois viven dentro da propia institución. Pola contra, centrarémonos no caso das amas externas que, polo volume de expósitos, falamos dunha porcentaxe da poboación nada desbotábel. O número de amas de cría chega a 2064 mulleres en 1860 cos datos dispoñibles (Táboa 3).

A meirande parte destas amas de cría externas que eran contratadas polas inclusas como asalariadas eran de orixe rural. Así, entre 1787 e 1800 entre o 86% e o 98% delas residían no campo (Táboa 4). De extracción social baixa na súa maioría, os motivos desta escolla resúmense en tres aspectos diferentes: económico, médico e político. No primeiro dos casos o soldo que aceptaban as amas de cría destas zonas era máis baixo. O segundo era a crenza por parte de gobernantes e médicos de que a estadía dos expósitos na cidade empeoraría as taxas de mortalidade, pois aquí é onde se suceden un número maior de epidemias e onde se producen máis contaxios de enfermidades. Por último, no plano político, o Real Decreto do 11 de decembro de 1796 “Regulamento para o establecemento de hospitais de expósitos”, recoñecía esta opción como unha maneira de estender a posibilidade de retribución económica polo aleitamento alleo (Sarasúa García, 2021; 34-36, 51; Sarasúa García, Erdozáin Azpilicueta, Hernández García, 2023; 262). Porén, hai que ter en conta que con esta medida tamén se conquearía aloxar das cidades un foco de pobreza de grandes dimensións. O ideal liberal burgués do século XIX levará á marxinação urbanística da pobreza buscando así alonxala da cidade (Hernández García,

2022; 105) Non hai que desbotar entre os motivos unha cuestión netamente demográfica, só entre o 7% e o 10% da poboación galega era urbana (Sarasúa García, 2021; 51).

Como consecuencia estableceuse un entramado de relacións bidireccionais entre o mundo urbano (emisor) e o rural (destinatario) sostido e marcado polas redes de comunicación previas -camiños e carreteiras-. Existía unha clara dependencia dos territorios rurais circundantes, rexidos polo ciclo agrícola, sen os que os sistema non se podía soste. Da mesma maneira, o traslado dun o outro fixo emerxer unha rede de institucións secundarias, as cunas ou *hijuelas*.

Ata a descentralización do sistema asistencial de expósitos galego, o mercado laboral das amas de cría estaba definido polas necesidades e importancia económica e social da inclusa santiaguesa. Deste xeito, as áreas das que se nutría esta institución abarcaba o groso das parroquias que arrodeaban Santiago de Compostela nun radio de 40 a 60 km. É dicir, na súa maioría eran comarcas rurais que formaban parte do arcebispado de Santiago pero tamén outras máis orientais, entrando no bispado de Lugo. Isto non debe de estrañarnos pois a xurisdición diocesana e a do Hospital Real non eran coincidentes. En total, falamos dun 20% da Galicia actual, (Sarasúa García, 2021; 51) resultando un mapa que comprendía unhas 200 feligresías que rodeaban a cidade (Eiras Roel, 2004; 324). A concentración do número de expósitos era maior nas “comarcas ribeireñas dos ríos Ulla -arciprestazgos de Rivadulla, Vea e Tabeirós-, Sar -arciprestazgos do Giro de la Rocha e de la Mahía- e Tambre -arciprestazgos de Dubra, Mahía e Barcala-”. No caso do bispado de Lugo as maiores concentracións podemos atopalas na zona de Silleda, entre os arciprestazgos de Piloño e Montes (Eiras Roel, 2004; 324). (Mapa 1 e 2) A extensión abarcada por estas zonas de traballo foi posible, como xa se introduciu antes, pola existencia dunha rede de comunicación composta de camiños que tiña como punto central a cidade de Santiago de Compostela (Mapa 4). Ademais do exercicio, por parte do Hospital da xurisdición real e as prerrogativas que a este respecto tiña recoñecidas a igrexa, entre elas a obrigatoriedade das familias que aquí residían de acoller os expósitos.

A partir de 1822 as amas son buscadas polos administradores do hospital o que fai que se cree un verdadeiro mercado de traballo. Prodúcese agora a especialización de certas áreas como é o caso de Peroxa, Coles e Carballedo, situadas a unha distancia entre 15 e 20 km de Ourense. Entre 1858 e 1859 unha de cada sete mulleres de entre 20 e 40 anos

traballaba para a inclusa desa cidade (Sarasúa García, 2021; 54). Tamén no referido a Ourense, o 76% do capital destinado ao soldo destas traballadoras se concentraba unicamente en 7 dos 43 municipios da súa parte interior asistencial (Dubert García, Muñoz Abeledo, 2023; 11). O mesmo sucede na comarca de Irixoa para o caso coruñés.(Mapa 2 e 3) Estas áreas de especialización non tiñan que estar necesariamente situadas preto dos centros de acollida. Un claro exemplo disto será a inclusa de Pontevedra que, na década de 1880, tiña como lugares de recrutamento de amas de cría O Saviñao ou Pantón, a unha distancia superior a 100km da institución. Estas localidades foran tamén lugares de recrutamento do Hospital Real entre 1860 e 1896, o que se explica pola necesidade económica que padeceron os seus habitantes logo das crises agrarias de 1852 e 1858 e a agrícola gandeira de 1878 e 1882 (Sarasúa García, 2021; 55).

A maneira na que se definen e establecen estas áreas de recrutamento e, en consecuencia, o mercado de traballo das amas de cría, está condicionado polas estratexias de contratación que se desenvolven nas inclusas. Así, atendendo ao recollido por Dubert, podemos diferenciar entre a estratexia das inclusas de A Coruña e Ourense que formaban un “hinterland asistencia nos municipios do seu entorno” e do Hospital Real de Santiago que, dende principios do século XIX, comprendía todas aquelas localidades da Serra do Faro. En consonancia, podemos falar de dúas áreas de alta concentración de amas de cría: a composta polos municipios do sueste da cidade de A Coruña e as estribacións da Serra do Faro. (Mapa 3) Nesta última confluían o reclutamento de amas de cría das inclusas de Santiago, Ourense e, a partir de 1872, Pontevedra (Dubert García, Muñoz Abeledo, 2023; 9). Estas amas de cría de zonas montañosas era un fenómeno pouco común no sur de Europa pola distancia a que estas localidades acostumaban a estar dos hospicios -unha media entre 60 e 100km-. Porén, en Galicia foron zonas de aprovisionamento polo baixo custo da súa man de obra. (Dubert García, Muñoz Abeledo, 2023; 9)

Por último, hai unha porcentaxe de amas de cría de expósitos galegas que se afastan das fronteiras territoriais do Reino de Galicia. Isto permítenos sinalar que, o igual que ocorre hoxe en día, as fronteiras non son espazos pechados senón que, o contrario, son permeables e atópanse en continuo diálogo. Así, o 14% das amas que traballaban na Ponferrada no ano 1800 eran galegas, especialmente da comarca de Valdeorras (Hernández García, 2022; 103).

3. Ser ama de cría era un traballo

Neste punto abordárase o aleitamento alleo como unha forma de profesionalización do traballo reprodutivo que permite ás mulleres obter un beneficio económico. Farase dentro do contexto socioeconómico do Reino de Galicia, prestando especial atención no quen, no por que e en cal era o soldo obtido a cambio.

3.1. Quen o facía e cales eran as razóns

Como xa se sinalou no apartado anterior, o mercado de traballo de amas de cría era moi complexo e, como tal, comprendía mulleres de moi diversa procedencia e características. Neste senso, para poder responder á pregunta contida neste punto cómpre atender a esta diferenciación establecida previamente. Deste xeito, a resposta obtida non será igual no caso das amas de cría adicadas o aleitamento das familias acomodadas que as traballadoras institucionais. Da mesma maneira, dentro deste último grupo, tamén hai unha diferenza notable nas características das amas de leite e as de destete.

Comezaremos pola primeira das mencionadas, as amas de cría que se trasladaban ás casas dos pais. Era a opción máis privilexiada e onde remataban todas aquelas que cumprían as condicións físicas e morais establecidos polos médicos que as analizaban -calidade e cantidade de leite, forma do peito, cor de pelo e ton de pel ou boa saúde- pero tamén as que contaban co beneplácito dos párrocos -conducta moral irreprochable, cristiá, etc.-. A entrada nestas casas permitíalles acadar unhas boas condicións de vida e de traballo, así como construír unha rede de contactos que lle permitisen manterse no tempo como ama destas características (Sarasúa García, 1994; 173).

Tratábase de mulleres casadas que se trasladaban á cidade para poder exercer o seu traballo pero sen romper as relacións e mantendo a súa condición de membro da familia campesiña. Non é claro se levaban canda si o seu propio fillo, unha posibilidade que se abre se temos en conta os días de viaxe e a necesidade biolóxica de aleitar para seguir tendo leite. Era un tipo de mobilidade de retorno que lle permitía adquirir uns ingresos que serán destinados despois á propia facenda familiar -pago de débedas, merca de terras, etc.- (Rey Castelao, 2022; 160; Rey Castelao, 2007; 100). Atopamos aquí tamén outra motivación, as mulleres que atopaban nestes movementos unha maneira de abandonar o seu lugar de orixe. O patrón de emprego nestas casas podía ser de dous tipos. O primeiro,

correspondíase con aquelas familias que manteñen a amas de cría durante todo o período de lactancia, arredor de dous anos. O segundo, son familias que mantiñan a ama de 8 a 12 meses pola imposibilidade económica de mantela dentro do servizo doméstico ou porque optaban por destetar antes o fillo. Neste caso, a diferenza do anterior, a ama de cría tiña que buscar outra casa dentro do mesmo período de lactancia (Sarasúa García, 1994; 174).

Por outro lado, dentro daquelas amas de cría encargadas dos expósitos, podemos diferenciar, entre internas ou externas. As internas residían dentro da institución e eran contratadas para amamentar os nenos que chegaban a incluso. En moitas ocasións tratábanse de mulleres embarazadas que acudían buscando un sitio onde durmir ata dar a luz e, a cambio, comprometíanse a aleitar outros (González González, 2022; 5). Porén, non sempre era este o caso senón que tamén podían ser nais residentes e contratadas pola institución. Pertencían aos estratos máis baixos da sociedade e vían esta opción como a única dispoñible despois de ser rexeitadas nas casas (Fuente Galán, 1997; 208).

No caso das amas de cría externas, a vontade das institucións foi componse un corpo de mulleres casadas de orixe rural. A verdadeira pregunta será pois se a vontade teórica tiña unha representación real. O resultado viuse condicionado polo tamaño e financiación da institución -chave para que non se comportasen como *hijuelas* do Hospital Real- (Dubert García, Muñoz Abeledo, 2023; 6). Así, entre 1787 e 1896, entre o 92% e o 98% das amas de cría externas de Santiago de Compostela eran mulleres casadas de orixe rural. Pola contra, os hospitais de expósitos abertos entre 1777 e 1816 tiñan unhas cifras menores a este respecto (Táboa 6), o que se explica pola precariedade económica e humana das mesmas (Dubert García, Muñoz Abeledo, 2023; 6). Deste xeito, nunha gran cantidade de casos atopamos traballando como amas de cría a mulleres cuxas economías estaban baseadas na subsistencia. No caso do Hospital Real de Santiago de Compostela existía, dende a Real Cédula de 1674 baixo o reinado de Carlos II, a obrigatoriedade das mulleres casadas a aceptar os expósitos nas familias que estaban dentro da súa xurisdicción (Eiras Roel, 2004; Sarasúa García, 2021; 52). Esta foi incluída nas Constitucións de 1697 e non podían negarse a facelo. A exención de recibir expósitos aplicábase a determinados estamentos e oficios (Dubert García 1988; 201)

Entre o persoal de traballadoras aparecerán non só mulleres casadas, senón tamén solteiras ou viúvas (Táboa 6). Estas últimas serán principalmente amas de destete -

encargadas dos nenos de entre 18 meses e 7 anos- que, a pesar de que o salario que perciben pola criatura é máis baixo, permítelles sacar da incluso a máis dun menor (Sarasúa García, Erdozain Azpilicueta, Hernández García, 2023; 244-247). As cifras das solteiras son, para o caso da incluso de Pontevedra, elevadas entre 1875 e 1879 a porcentaxe ascende ao 57%. En Ferrol, entre 1854 e 1893, a porcentaxe era do 28% (Dubert García, Muñoz Abeledo, 2023; 8). Polo tanto, o que se observa é unha preferencia por parte das institucións de sacar os nenos das inclusas canto antes, independentemente de se as amas de cría sobre as que recae o coidado dos mesmos cumpren todas as condicións físicas, morais e de conducta que se esperan delas.

Os motivos que levaban a estas mulleres a exercer o aleitamento alleo quedan resumidos por Carmen Sarasúa en catro puntos chave. O primeiro, as precarias condicións de vida que levan a estas familias a realizar actividades complementarias as agrícolas para acadar o limiar da subsistencia. Por iso, as zonas de especialización desta actividade se corresponden coas máis pobres. En relación con isto, percibían salarios monetarios que supuñan unha gran axuda para o conxunto da familia. Ademais, era compatible coas actividades que tiñan que desenvolver ao longo do día e podían ter outras utilidades: pedir esmola, ser man de obra gratuíta para a familia, etc. (Sarasúa García, 2021; 25).

3.2. Os soldos

Os estudos arredor da importancia no seo das familias dos soldos das amas de cría son recentes no conxunto da Península Ibérica. Non así aqueles que tratan sobre os propios soldos en si, especialmente aqueles referidos á cantidade percibida nas inclusas. O motivo é que son institucións públicas de longo percorrido. Estes datos permiten a conformación de series homoxéneas de longa duración ofrecendo a posibilidade de facer comparativas espaciais e temporais. O seu estudo ten unha gran relevancia para o eido económico pero non só, o tratamento dos soldos dende esta perspectiva entronca cunha vertente social que ten como centro a familia. No caso galego, a institución mellor estudada neste senso é o Hospital Real de Santiago de Compostela, centro do sistema asistencial galego. Deste xeito, ao longo deste apartado farase unha análise dos xornais percibidos polas amas de cría e a súa importancia dentro do contexto socioeconómico galego.

Porén, previamente cómpre sinalar que as amas de cría mellor pagadas eran aquelas que traballaban para a Corte e as familias máis adíñeiradas. Os seus soldos eran determinados pola familia contratante e a súa inserción no tecido económico dividíase entre o lugar no que se atopaban -criaban nas casas dos país do neno ou nena aleitado- e o de orixe. No referido a este último, cando voltaban invertían na facenda familiar.

Por outro lado, o corpo de traballadoras das inclusas eran, en liñas xerais, as que percibían o soldo máis baixo. Esta explicación atopámola nas bases económicas das propias institucións que determinan o funcionamento do sistema asistencial galego. Deste xeito, no caso do Hospital Real esta é firme. O seu elemento chave era a percepción da renda do Voto de Santiago no Reino de Granada⁶. Ademais deste o Hospital Real tamén se nutría de esmolos, renda patrimonial e censos e xuros. (Táboa 11 e 12) Polo tanto, a institución será fortemente dependente da conxuntura doutros territorios e dos gastos e problemas ocasionados no transporte das rendas. Deste xeito o Hospital Real atravesou varios períodos de crise como a que ten lugar dende finais do século XVI ata os anos trinta do XVII⁷ ou a que se desenvolve entre 1683 e 1706⁸. (Barreiro Mallón e Rey Castela, 1996; 575-576)

Os xornais estaban recollidos nas Constitucións e cobrábanse por trimestres ou semestres ata o primeiro terzo do século XVIII que se introduce o “pago de tarjas” (Roel, 2004 :405). En xeral, foron soldos estables, con poucas subidas, provocando que non estiveran equiparados cos prezos. Isto supón que o aumento dos soldos⁹ non supoña unha mellora real. A porcentaxe con respecto os gastos totais do Hospital Real de Santiago de

⁶ Ata entrado o século XVI, percibíase en especie, permitindo cubrir a alimentación dos enfermos, expósitos e empregados.

⁷ O motivo foi o encarecemento do transporte conxuntamente ao incremento dos gastos do Hospital pola vaga de peste de 1598 e aos conflitos xurisdiccionais e económicos.

⁸ As medidas deflacionistas dos gobernos tardíos de Carlos II, sumado ao impago dos xuros por parte da Coroa e o descenso das rendas nos seus valores nominais e reais de Granada, son os motivos desta nova crise.

⁹ As subidas dos soldos que se rexistran para o caso do Hospital Real de Santiago de Compostela son varias: 1756, 1773, 1792, 1796, 1801... Porén, a verdadeiramente importante foi a actualización que supuxo o plan de soldos de 1756 que afectou a todo o persoal do Hospital. Así, suscitouse a instancias dunha petición elevada polo Administrador da Real Cámara en atención a que os soldos do persoal estaban moi desfasados tanto que non gardaban relación coa evolución do custo de vida. Tamén con esta subida o Hospital comeza a potenciar o segmento menetario dos soldos, unha tendencia que continúa co incremento salarial de 1792. Así, os empregados tiñan que soportar os efectos depreciadores da inflación. (Rial García 2003; 503-504)

Compostela era elevada -colocaríase entre os maiores gastos da institución- a pesar de non supor a maioría dos gastos da institución no seu conxunto. Porén, a súa importancia era maiúscula, especialmente na retribución feminina pola forma na que se pagaba, un soldo en metálico e unha ración en especie, o que supón para a institución “un gasto maior que o devengado polos soldos” e que permitía aos empregados percibir diariamente unha dieta alimenticia básica e axustarse a evolución da conxuntura agraria (Rial García 2003; 502). (Táboa 20) Nestes cálculos inclúense os soldos das traballadoras internas e externas e os gastos xerais da inclusa. (Eiras Roel, 1968;337-339) (Táboa 7)

A variación dos soldos dependía ademais do posto que se desenvolvera: Ama Maior, ama de cría interna, condutora ou ama de cría externa; e de se a cantidade percibida se cobraba en especie e en cartos, ou unicamente en cartos. Esta é a clasificación que se vai seguir a continuación para abordar este punto.

O cargo de máis importancia era o de Ama Maior de Expósitos pero o seu soldo non estaba en consonancia coas súas funcións. Foi o reaxuste de soldo de 1756 cando se aparelha aos mellores empregos -capelán, enfermeira maior, despenseiro, oficial de cirurxía ou barbeiro sangrador-, demostrando así a súa importancia. Na nova subida dos soldos de 1792, superará ao doutros empregos xa mencionados como o de enfermeira maior, barbeiro sangrador ou despenseiro. (Táboa 15 e 21) (Eiras Roel, 1968; 312-313; Rey Castelao, 2010; 80) Deste xeito, a súa ración será valorada polos pagadores en “934 reais e 10 mrs, en 1757, e en 1461 reais e 26 mrs. e, 1792”¹⁰. Ademais entre principio e final de século o incremento do salario nominal é do 1.632% (Rial García 2003; 513). (Táboa 22)

As amas de cría internas e as condutoras son cargos que non aparecen dende a apertura do Hospital. En 1736 incorpórase, ao corpo de traballadoras do Hospital Real de Santiago de Compostela, dúas amas de cría internas pola orde do Rei coa intención de que perciban o mesmo que as externas. A realidade foi que no ano 1737 as mulleres que desenvolven este posto cobraban “110rs 10mrs que se complementaba cunha ración de 3 ferrados de centeo o mes, unha libra de vaca e un cuartillo de viño o día”. En 1801

¹⁰ A ración da Ama Maior de expósitos compúñase de 50 ferraos de trigo o ano, 2 cuartillos de viño o día máis 10 extraordinarios o ano, unha libra de carne o día máis 160 extra o ano. Ademais de cada día de peixe, unha media de aceite de 6 cuartillos e cada sábado, media libra castelá de velas de sebo. (Rial García 2003; 513)

quedarán asimiladas a traballadoras a xornal cun soldo de 4 reais (Rial García, 1995; 140-141). A finais do século XVIII contrátanse a dúas amas de cría que se encargarán de efectuar as conducións de expósitos. Estas percibirán “tres reais diarios e unha libra de pan cando saían levar aos nenos” (Rey Castelao, 2010; 81).

Se nos centramos agora nas amas de cría externas os soldos no caso galego eran dos máis baixos de España a excepción, como xa se sinalou, dos de A Coruña. Eran comparativamente máis baixos que os das amas internas e variaban segundo a franxa de idade do menor -fixadas polas institucións-. Así, podemos diferenciar entre as amas de leite, encargadas de nenos de ata 2 ou 3 anos dependendo da institución, e as de destete. Este último interesaba especialmente a viúvas ou mulleres pobres que xa contaban cun expósito o que lle daban o peito (Sarasúa, 2021; 22, 23, 56).

Deste xeito, para Santiago de Compostela, o sostemento medio do ramo de expósitos de entre 0 e 2 anos no século XVIII -850 nenos- do Hospital Real de Santiago de Compostela traducíase no pago medio polas amas externas de 28560 reais de vellón. A única subida do soldo ten lugar en 1796. Trátase do aumento do 25% - de 6 maravedís a 8 por día- o que non supón unha mellora pois os prezos subiran nun 100% no transcurso do século. A segunda clase, nenos a partir de dous anos, manexábase un promedio anual de 200 nenos. Normalmente abonábanse tres pagas. O soldo ata 1773 era de 1 500mrs; neste ano prodúcese unha subida do 33% o que supón o cobro anual de 2 040 mrs. Porén, en 1790 hai un novo reaxuste á baixa impondo as pagas en orde decrecente: “63rs e 10mrs pola primeira, 57rs pola segunda e 33rs e 2mrs pola terceira”. (Eiras Roel, 1968;333-337) Atendendo o recollido por Serrana Rial, a mediados do século XVIII cobraban 44 reais o ano e, a partir de 1792 7mrs polos soldos de lactancia e 5mrs polo de destete (Rial García, 1995; 142; Rial García 2003; 517). (Táboa 13 e 14 e Gráfico 4)

No caso ourensán, mantívose a mesma división bipartita que en Santiago ata 1871, momento no que os administradores establecen unha diferenza salarial en cinco tramos de idade: menores de dous anos, entre dous e catro anos, de catro a sete anos, de sete a dez e un último de dez a catorce anos. Temos datos sobre os soldos para esta institución a partir de 1800. Estes serán de 15 reais ata mediados da década de 1860, momento no que iniciará unha subida ata equiparase con Santiago de Compostela -30 reais mensuais- en 1880. Este era similar aos soldos percibidos por mulleres noutros postos de traballo,

empacadoras de sardiñas nas conserveiras ou traballos nas fábricas de tecidos de A Coruña (Dubert García, Muñoz Abeledo, 2023; 15). (Gráfico 4)

No hospital de A Coruña ata 1830 había un único cohorte de idade nos tres anos pero, en 1851, a división establécese entre menores dun ano e nenos de entre un e seis anos. Neste caso, dende a súa apertura en 1793 os soldos de lactancia correspondíanse con 30 reais de vellón ata finais da década de 1830. Por último, no caso de Mondoñedo e Ferrol, o bispo de Mondoñedo ofrecía as amas de cría externas un real diario ata 1808 cando, por mor da guerra contra os franceses, a situación económica das institucións empeora e vense obrigados a reducir os estipendios á metade. (Sarasúa, 2021; 59) (Gráfico 4)

Tendo todo isto en conta, a pregunta que deriva destes datos é como afectaba este traballo ás mulleres da Galicia rural? A realidade galega era eminentemente agraria, caracterizada por unha economía en moitos casos de autoconsumo, a posibilidade de conquistar ingresos monetarios era limitada. Do mesmo xeito, os soldos dos xornaleiros eran insuficientes para cubrir as necesidades económicas do conxunto da familia. Calcúlase que o soldo dos maridos cubría entre o 47% e o 57% dos gastos familiares a mediados do século XIX (Dubert García, Muñoz Abeledo, 2023; 13). Sumado a isto, os traballos os que podían acceder as mulleres do rural eran poucos. Os máis frecuentes eran o servizo doméstico e a industria téxtil que, a partir de 1820-30, ofrecía unhas posibilidades limitadas. O aporte que facía unha muller que traballaba para as inclusas de Lugo, Ourense e A Coruña como ama externa era do 42%, 35% e 56% respectivamente (Dubert García, Muñoz Abeledo, 2023; 13). (Táboas 8 e 9) Neste contexto, a remuneración en metálico das amas de cría supuxo a estimulación da circulación de cartos, a redución do endebedamento e a compensación dos baixos soldos agrícolas. Polo tanto, a profesionalización do traballo das amas de cría foi moi importante para o campesiñado galego, chegando a haber casos no que o aporte monetario maioritario proviña destas actividades.

Por último, a importancia dos soldos non recae unicamente na posibilidade das familias de acadar o nivel de subsistencia senón que suporá tamén toda unha inxección de cartos para a localidade das contratadas, especialmente naquelas áreas especializadas nesta labor - a Serra do Faro e a área sueste de A Coruña no s. XIX (Mapa 3) e as comarcas arredor de Santiago de Compostela (Mapa 2)- . Deste xeito, segundo datos aportados por

Isidro Dubert e Luísa María Muñoz Abeledo para 1860, o Hospital Real de Santiago inxecta no rural 205 440 reais¹¹. Isto tradúcese en 2 054 000 reais nesta mesma década. (Dubert García, Muñoz Abeledo, 2023; 157)

3.3. Obrigas e deberes

A crianza asalariada implica toda unha serie de obrigas para as amas de cría que teñen como dobre obxectivo, garantir a boa saúde da criatura que teñen o seu cargo e evitar as prácticas abusivas (Sarasúa García, 2021; 313). Deste xeito, pese a que todas cumprían a mesma función, o aleitamento do fillo doutra persoa, as súas obrigas e deberes variaban dependendo do posto que desenvolveran.

No caso daquelas que eran contratadas por familias as condicións dos postos serían fixadas por estas. Non se atopou información que defina as obrigas das mulleres galegas que criaban na casa dos pais. Pola contra, todas aquelas que formaban parte do corpo de traballadoras das inclusas tiñan unhas obrigas e deberes fortemente definidas baixo os seus cargos. Así, a Ama Maior de expósitos era o cargo de maior rango e simultaneamente, era a Peregrina de mulleres e Ministra Maior sen voto (Rial García 2003; 512). Nela, conxuntamente co médico, recaía a decisión de decidir que mulleres podían sacar a un neno da inclusa para a súa crianza previo exame do seu estado físico. Ademais o corpo de amas de cría internas estaba o seu cargo, encargábase da distribución dos expósitos entre as amas de cría externas e de levar o libro de rexistro de expósitos (Fuente Galán, 2001; 154; Eiras Roel, 2004; 399). Tamén se encargaba do coidado xeral da Inclusa e de facer bautizar o neno ou nena que entraba novo (Rial García 2003; 512).

As amas internas encargábanse do aleitamento e hixiene dos expósitos a súa chegada á inclusa -xa fose a través do torno da institución ou transportado dende outra localidade- ata que eran distribuídos e entregados. Da condución encargábanse, como indica o seu nome, as amas condutoras. Elas terán que asegurar a chegada dos expósitos ao seu destino, sendo este un percorrido onde se rexistran altas taxas de mortalidade. A súa obriga é pois garantir o bo coidado dos expósitos, encargándose non só da alimentación, senón tamén do abrigo ou a limpeza. Deste xeito obrígaselles a:

¹¹ O cálculo deste dato faise sumando os soldos individuais que os administradores pagaba trimestralmente ás amas de cría externas.

“ir provistas de leite, manteca, pan de trigo e sucre para o alimento dos nenos que o precisen, así como unha botella de auga que teñen que repoñer onde haxa proporción do mellor, máis limpa e san, sendo preferible a do río para evitar cólicos e outros males. Durante o traxecto, as amas de cría deberán observar con certa periodicidade a situación dos nenos, se van limpos ou sucios, en cuxo caso deberán mudarlles os pañais, e se notan que teñen frío os frotarán coa man ou cun pano quente” (Sobrado Correa, 2001; 229-230)

Se se produce a morte do menor, será obrigado que presenten o corpo ao párroco máis próximo para que sexa enterrado e que se lle expida un certificado de defunción. Se coincide coa chegada a Santiago o neno ou nena terá que ser presentado no Hospital Real para que se certifique se a morte foi causal ou por abandono. De ser o caso, non poderán recibir ningunha compensación económica. (Sobrado Correa, 2001; 229-230).

Por último as amas de cría externas parten xa de que, a partir de 1674, no caso santiagués implantouse a obrigatoriedade das mulleres casadas de aceptar a crianza dos nenos expósitos. Estas coidaban dos expósitos na súa propia vivenda o baixo a obriga de presentarse para pasar controis anuais na inclusa. Nelas comprobábase o estado do menor e tiñan que presentar un certificado do párroco asegurando que ese era o mesmo neno ou nena que se sacara da institución. Tiñan prohibido sacar a máis dun menor de leite, non así os destetados dos que se atopan casos de mulleres con varios. (Táboa 5).

4. O significado social e cultural

A labor das amas de cría non quedaba reducida unicamente ao plano económico senon que o seu traballo, especialmente aquelas que criaban na casa, conlevaban unha forte pegada no eido sociocultural. Así, dende as propias influencias lingüísticas sobre os nenos ata a condición social dos mesmos, pasando polo nome que se lle puña, as amas de cría - especialmente no caso dos expósitos por ser a súa única “figura materna”- xogaban un papel chave na conformación da súa personalidade, condición social e nivel cultural. Isto non só influía ao menor senon que tiña o seu reflexo no conxunto da comunidade.

4.1. A aceptación ou rexeitamento do abandono de expósitos e o seu coidado

O fenómeno da exposición na Idade Moderna era unha práctica estendida no conxunto da sociedade -non só entre os máis pobres- polo que a actitude que se tiña fronte

a esta podemos cualificalo como de laxo. Isto, non impide que dende a tratadística, a normativa ou a propia sociedade haxa un rexeitamento xeral a el. Deste xeito, o longo deste punto estudaremos este tema centrándonos primeiro na postura das amas de cría que se pode albiscar nas fontes e despois nos textos contemporáneos.

Porén, primeiro, cómpre facer alusión aos números que se manexan en relación a este fenómeno no Reino de Galicia. No caso do Hospital Real de Santiago por exemplo, Eiras Roel recolle no momento de implantación das dúas amas de cría internas (1736) unha media de 5 nenos ingresados por semana o que fai dun total anual que roldaría os 300 nenos e nenas. En 1768, a media ascendería xa a 600 e, en 1773 cando se aumentan as amas de cría a catro atoparíamos unha media de 14 ingresos á semana (Eiras Roel, 2004; 402). Estas son as cifras de ingresados, que se diferencian do ramo total de expósitos que atendía o Hospital. A este respecto, Carlos II en 1674 fala dun total de 800 neno e nenas que cría o Hospital anualmente, mentres que Felipe V en 1703 fala de máis de 800 (Eiras Roel, 1968;). (Táboa 2)

Para poder tratar a actitude das amas de cría externas en relación ao fenómeno da exposición non hai que perder de vista os motivos e a condición socioeconómica das mesmas. Deste xeito, para poder facer fronte ao número de entradas de expósitos facía falla un corpo de traballadoras de gran tamaño que, polas condicións económicas das inclusas, unicamente podía ser cuberto de maneira precaria -independentemente de que o presuposto destinado a esta función fora alto comparativamente a percepción total da institución (Táboa 7). O corpo de traballadoras internas, pola contra, era moi reducido, impedindo unhas condicións axeitadas para o coidado e supervivencia dos menores. A situación dos coidados non era só alarmante neste senso. A baixa retribución que cobraban por este traballo fixo que moitas mulleres se negaran a traballar para elas e que o groso do coidado dos expósitos recaera nas zonas máis pobres do Reino de Galicia. Ante a carencia de amas provocada por este rexeitamento, en hospitais como o de Santiago implántase, como xa se mencionou noutros apartados, a obrigatoriedade das mulleres casadas das comarcas do arredor da cidade de aceptar a estes nenos e nenas. Foi esta unha medida sumamente impopular que xerou tensións, resentimentos sociais e conflitos que se tratarán de maneira máis extensa no sétimo apartado deste traballo. (Eiras Roel, 2004; 402-404; Fuente Galán, 1997; 76-77; Sarasúa García, 2021; 52-53)

Se nos centramos agora nos textos contemporáneos o primeiro que chama a atención é que se consideraba un mal menor fronte o infanticidio, chegando a haber casos onde estaba xustificado -extrema pobreza dos pais ou que o neno ou nena puidera supor unha deshonra para a familia-. Isto aparece tamén recollido na propia lexislación. Un exemplo é o de Luis Brochero *Discurso breve del uso de exponer los niños* quen di que a exposición é unha forma de parricidio. Porén, tamén recolle que as penas establecidas polo abandono dunha criatura debían mitigarse no caso de que o expósito sobrevivira e de que o abandono fora por necesidade dos pais ou por evitar un escándalo. (Núñez Roldá, 2011; 128-132) Na Ilustración mantense esta oposición o aleitamento alleo. Estas críticas baseábanse na desacreditación da figura da ama de cría, cuestionada dende a medicina, a moral e a ética. “Pénsase que o contacto dos nenos coa ama os embrutece pola súa baixaza e falta de instrución e que o seu leite, o vir dunha muller pobre e basta corrompe a saúde e o desenvolvemento cognitivo e físico dos nenos” (Alcalá Galán, 2022; 253) Trátase dunha postura moi influenciada polo alto número de amas pobres.

4.2. O bautismo: onomástica e implicación no corpo de amas de cría.

O sacramento bautismal que se lle da aos nenos expósitos, conxuntamente co sistema onomástico que del resulta, supón o primeiro enlace coa vertente social do traballo de ama de cría. Así, o amadriñamento¹² destes nenos permite outorgarlle unha personalidade a través do nome, podendo aloxalos da súa condición de “abandonados”. Ademais, nalgúns casos, permite a creación dunha primeira rede social e de apoios.

O Concilio de Trento (1545-1563) será determinante ao rematar coa liberdade dos modelos de madriñazgo herdados da Idade Media. Buscábase a homoxeneización dos mesmos é dicir, quedan reducidos a dúas opcións: o apadriñamento baixo o modelo de parella ou o individual. A decisión entre un e outro virá determinada pola integración que tiña no seo da familia. No caso dos expósitos, predominaba o modelo individual a partir do século XVIII. Así, os datos recollidos para a diocese de Lugo sinalan que a inicios do século XVIII o modelo de padriñazgo individual comprendía o 8.19% dos casos mentres que a inicios do século XIX só o 10.8% dos expósitos contaba cun padriñazgo dobre o

¹² Empregamos o termo amadriñamento en lugar de apadriñamento porque a porcentaxe de mulleres que exercían este papel era maioritario. (Táboa 16)

que deixa unha cifra de padriñazgo individual que ascende ao 89.2%. (González López, 2018; 352). Dos mesmo xeito, no caso da Inclusa do Hospital Real de Santiago o 96% dos expósitos contaban con padriño e madriña no ano 1620 mentres que no 1800 só 8 nenos tiñan padriñazgo dobre fronte os 59 que seguían un modelo individual (Rey Castelao, 2014; 224). (Táboa 16)

Os factores que apoian a elección deste modelo sobre o de parella son diversos. En primeiro lugar a concepción do proceso como un trámite. Non había a posibilidade de integrar o menor dentro da comunidade polo que tampouco existiría a vontade de crear redes de apoio. Por este motivo, empregábanse os efectivos mínimos necesarios para a súa administración. Esta era unha situación frecuente, especialmente en todos aqueles casos nos que se bautizaba o neno de camiño a inclusa. Neste caso, a madriña acostumaba a ser a propia condutora quen non ía ter contacto posterior cos nenos e nenas. En segundo lugar, o grado de participación da comunidade na que aparece o menor é un factor influente. Dependerá en boa medida da frecuencia coa que se de este fenómeno. (González López, 2020; 68; González López, 2018; 352) Deste xeito, naqueles lugares onde a exposición era un fenómeno recorrente a actitude da comunidade tornábase nunha evasión da situación e unha baixa participación. Pola contra, atopamos unha maior implicación naquelas nas que o fenómeno era menor e o impacto na comunidade ante o mesmo era, en consecuencia, maior.

Por outra banda, hai unha preferencia polo modelo individual en canto á propia protección do menor e da situación de cara un futuro pois presupón un maior segredismo. Por último, trátase dunha dobre estratexia levada a cabo dende a Igrexa que permitía estender este modelo que consideraban como ideal e controlar o parentesco¹³. Así, medidas como a redución de madriñas ou o madriñazgo das mesmas persoas estaban enfocadas a evitar o incesto espiritual.

Podemos diferenciar tres posibilidades para o bautismo do menor dependendo de como é atopado: o bautismo nunha parroquia no traslado á inclusa, o que se da no seo da comunidade que o atopa e o que se administra na propia institución de acollida. No caso

¹³ O parentesco espiritual estaba sometido a restriccións matrimoniais pero o expósito descoñecería tanto a súa familia biolóxica como a espiritual o que aumentaba as posibilidades de que se producirse incesto espiritual.

primeiro, como se introduciu antes, o común é que a propia condutora fora quen exercera o madriñazgo ante a necesidade obrigada da presenza desta figura. Eran elas tamén as que decidían o lugar onde se realizaba en base, recollendo a hipótese de Tamara González López, a gratuidade da administración sacramental. No segundo, os padriños ou madriñas poden ser as persoas que atoparon o neno, unha persoa imposta polo párroco ou algún veciño que o fai como un acto de piedade e caridade para axudalo no máis alá. Este era o caso da fidalguía cuxa participación a podemos medir en base ao tratamento nas fontes como don e dona. O apadriñamento constituíase como parte e exemplo dunha actitude piadosa e cristiá que se exhibía á comunidade e que supuña un risco baixo para a súa posición social¹⁴(González López, 2020; 72). Porén, para que o impacto fose efectivo era necesario que fora un excepcional e importante para a comunidade. Tamén aquí é importante a posibilidade real de que puideran participar en base á hora ou a situación xeográfica do templo con respecto ao núcleo de vivendas (González López, 2018; 352).

O bautismo que se administra na propia inclusa é, o igual que o que se fai durante os traslados a mesma, un mero trámite. Así, cando un expósito era depositado no torno o bautismo era unha acción obrigada. Na maioría dos casos actuaban como madriñas o corpo raso de traballadores da inclusa, non aparecen medios e altos cargos; así como familiares, criados e persoas que vivían aquí. Pola contra, en A Coruña logo da apertura da inclusa atopamos como padriños “aos mordomos pedáneos , o sancristán da parroquia en cinco ocasións, o cirurxián noutras cinco ocasións, tres eclesiásticos, tres fidalgos, tres militares e un ministro do Correxidor” (Rey Castelao e Castro Redondo, 2018; 19). A súa aparición nas partidas de bautismo era recorrente ao longo do ano, chegando a facerse bautizos grupais a mediados do século XVIII polo aumento do número de entradas. Estes serían grupos de tres ou catro, rexistrándose casos de ata seis nenos, que recibían o sacramento á vez e que tiñan o mesmo padriño ou madriña (Rey, 2014; 225). No caso da Inclusa do Hospital Real de Santiago podemos diferenciar dous períodos en base os datos recollidos por Ofelia Rey Castelao. No primeiro, entre 1620 e 1700 hai un predominio dun padriñazgo dobre, unha opción que, aínda que se mantén, perderá a súa primacía en favor dun modelo individual de madriñazgo a partir deste último ano. (Táboa 16)

¹⁴ Non era común que se lles acusara de ser os pais destas criaturas pois supúñase que o seu nivel económico impedía o abandono.

Falar de bautismo remítenos directamente a tratar a onomástica destes nenos e nenas. Na súa evolución refléxanse as tendencias da sociedade galega pero tamén unha vontade de integración e, máis especialmente, de protección destes menores. Neste senso podemos destacar o establecemento do apelido Rey para toda Galicia, unha fórmula de orde real que buscaba o aloxamento destes nenos da súa propia condición de expósitos¹⁵. Fálanos pois dunha vertente social que non hai que desmerecer.

Con respecto o número de nomes que se lles outorgaba predominaba que foran dunha única unidade pois os compostos eran vistos dende a Igrexa como unha forma de vanidade, non había necesidade de asignar nomes laudatorios de antepasados e a alta mortalidade “convertía en intranscendente a asignación de máis nomes cun obxecto identificativo”. (González López, 2018; 355) No caso de ter dous nomes na súa maioría tratábase de María que tiña unha finalidade protectora, un santo cun elemento identificador ou coa vontade de que fora tomado coma un apelido. Os nomes múltiples quedaron reservados a todos aqueles que foron amadriñados polas elites. Deste xeito, no caso da Inclusa do Hospital Real de Santiago, a irrupción dos nomes dobres data de 1750, cunha clara preferencia por María. En 1800 moitos nenos que chegaban o hospicio facíanos xa bautizados polo que o número de nomes dobres aumenta, sendo frecuente os de Melchor, Manuela, Antonio, Froilán ou Xulián. A partir de 1850 hai unha gran dispersión de nomes cun predominio dos dobres no caso das mulleres fronte os varóns. (Táboa 17, 23) No caso da diocese de Lugo había tamén un claro predominio polo uso dun nome único, acadando un porcentaxe do 66,1%. (Táboa19)

Os nomes elixidos para os expósitos non seguían os mesmos patróns que aqueles nenos ou nenas que non o eran. Deste xeito, aínda que había nenos que chegaban as inclusas con nomes que lles daban os propios pais na maioría dos casos era o propio persoal o que se encargaba de darllos. Por este motivo, hai un claro predominio por aqueles nomes que non teñen unha relación aparente -44% e 39.47% no caso compostelán e lugués respectivamente- e, entre os relacionados co santoral, foi o santo do día do bautismo o máis destacado (21.43% en Santiago). Ademais localízase unha baixa presenza do nome dos padriños -15% no caso de Santiago e 10.53% en Lugo-, máis

¹⁵ Esta tendencia refléxase aínda hoxe, especialmente nas comarcas próximas a Santiago de Compostela. (Mapa 6)

reducido que no caso das madriñas, o que se relaciona cun menor número de varóns que exercían este papel. Neste senso, se na administración sacramental participaba un membro da comunidade na que tiña lugar o bautizo téndese a empregar de forma simbólica referencias de índole persoal, xeográfica ou temporal, non así no caso de ser a condutora a madriña. Máis baixa aínda é a porcentaxe de nomes que se poden relacionar coa familia biolóxica do expósito -2.63% para o caso particular de Santiago-, os que son de nova introducción e aqueles vinculados ao lugar xeográfico no que se realiza o bautismo. (González López, 2018; 354-356)(Táboa 18)

Deste xeito, atopámonos cunha práctica, o sacramento bautismal, á que se lle outorgaba grande importancia no caso do fenómeno da exposición pois este grupo vulnerable carecía dunha rede de apoios allea á mesma. Porén, na práctica constituíuse coma un mero trámite o que fixo que fallara na súa definición máis básica tanto no plano relixioso como no social. Así, garantía a salvación da alma daquel o que se lle administraba pero o parentesco espiritual non era efectivo. Como excepción podemos atopar aqueles casos nos que a comunidade tiña unha implicación directa ou dos que certos grupos podían sacar un beneficio. Predominará o modelo de bautismo individual especialmente a partir das primeiras décadas do século XVIII así como os nomes únicos.

5. Os afectos

Ao longo deste punto tratarase todo aquilo que as fontes non poden conter. Os lazos persoais podemos estudalos a través de fontes indirectas, co contido ou con certas accións que son percibidas como mostras de cariño ou afecto. Cómpre non desmerecer a importancia que teñen estas cuestións pois é evidente que, ao longo de anos de convivencia, téñense que formar algúns fíos entre a familia, a ama de cría e o menor aleitado. Os afectos xogan así, como un motivo máis nas decisións e accións que se levan a cabo con respecto os nenos e as nenas, podendo afectar e cuestións tan importantes como o seu futuro ou a propia supervivencia. Son un factor máis de análise pero van máis alá. Son, xunto co seu significado social e cultural xa visto, o reflexo do pensamento e da actitude dunha época.

5.1. O fío que unía aos nenos e ás amas de cría

Como é doado de entender, entre a ama de cría e o menor que era aleitado por ela constrúese unha relación que nace, en todos os casos dunha relación contractual previa cos pais da criatura ou coa institución que o acolle -no caso dos expósitos-. Porén, isto non impide que, co tempo, a relación se poida transformar, superando así as fronteiras do plano laboral. O estudo dos afectos é complicado, na documentación conservada non queda reflectido, máis que de forma indirecta, todos estes fíos que unen a ama de cría co neno ou nena. Unicamente podemos estudalo de maneira indirecta, a través dos documentos que rexistran os seus movementos. Deste xeito, as altas taxas de mortalidade de expostos e a rapidez e facilidade coa que se podía remplazar a un por outro permítenos entender que o fío afectivo era, canto menos, débil, podendo escusar certos casos de porfillamento que serán tratados con posterioridade (Fuente Galán, 2001; 214-215).

A existencia destas relacións interpersoais xa era contemplada polos textos contemporáneos que abordaban este tema. Aquí menciónase o “parentesco de leite”, a relación que se establece entre ama e aleitado que ten como base este fluído. O motivo é a crenza de que o sangue é o elemento transmisor e definitivo da liñaxe e o leite é sangue branqueada. Deste xeito, a ama de cría será capaz de crear identidades a través do aleitamento. Por este motivo, víase a maternidade como fragmentada e compartida. (Alcalá Galán, 2022; 240) A pesar disto, a relación establecida entre unha ama de cría que aleitaba a un expósito e a que aleitaba o fillo doutra é, de base diferente. Especialmente no caso de que a nai poida dar o peito. Esta última postura será criticada dende os textos contemporáneos mentres que a primeira será entendida e incluso defendida ante a ausencia dun substituto de leite materna ata a década de 1940. No segundo dos casos a relación entre menor e ama supón inmiscirse na relación entre nai e fillo. Deste xeito, “pola inmensa importancia das amas e o seu poder potencial sobre a familia, inténtaselles reducir por todos os medios á consideración de servas” (Alcalá Galán, 2022; 257).

Recollendo o anterior, as relacións que se creaban era moi diferentes segundo o tipo de ama de cría pola natureza mesma do traballo e as condicións nas que se exercía. Porén, en todos os casos parte do mesmo tipo, o monetario. O aleitamento era un traballo e supuña ademais duras consecuencias para quen o desenvolvía. Entre elas podemos sinalar

o desprazamento do seu lugar de orixe deixando o seu fillo ou filla o cargo doutra persoa ou o trastocamento da vida o ter que facerse cargo doutro menor. Ademais de que, o feito de compartir leite, supuña un menor aporte nutricional para o propio fillo, podendo ter graves consecuencias. Deste xeito, tratábase dunha relación contractual que buscaba un aporte monetario a cambio. Era de gran importancia, especialmente, como xa vimos, para aquelas familias que rozaban o limiar de subsistencia. A maiores, o menor pode ser partícipe ou aportar outro tipo de ingresos -axudar nas labores da casa, ser mandado a servir a outra casa, etc.-

Todo elo, como xa se sinalou o inicio deste punto, non impide que se poidan establecer outro tipo de relacións persoais que son difíciles de rastrexar. Quedarán constancia de maneira indirecta coas accións que as amas de cría e as familias dos aleitados fagan logo de rematado o período de lactancia. No caso das amas de cría internas dos expósitos, o tempo que pasan cos menores é tan curto que non permitiría crear relacións afectivas de ningún tipo. As únicas que se rexistran é a designación destas como madiñas dos expósitos de maneira recorrente, algo que, como xa vimos, supón máis un trámite que unha acción de corte caritativo ou de creación dunha rede social de apoio que os sustente.

Pola contra, as amas de cría externas si que pasan períodos de tempo grandes co neno ou nena, podendo acollelos ata os 7 anos. A partir de aquí, o menor podía ser devolto á incluso -a maior parte dos casos- ou ser porfillado pola familia. Isto indica por parte dela unha despreocupación de cara o menor que podería contrastar co establecemento dunha serie de relacións afectivas. Na mesma liña, o porfillamento non indica a existencia deste tipo de fíos pois pode ser porfillado como forza de traballo gratuíta. Ámbalas dúas serán posturas que se tratarán nos vindeiros apartados. Por último, as amas de cría que crían na casa dos pais son das que menos documentación temos e as que teñen unha relación máis complexa co menor -especialmente porque non están obrigadas como si pode ser o caso das amas de cría externas dos hospitais de expósitos-. Neste senso, documéntanse casos de amas que logo de rematado a súa función como ama de cría quedan dentro do servizo doméstico da familia, o que indica unha certa preocupación cara elas.

5.2. O porfillamento

O porfillamento é unha práctica fortemente vinculada ao ámbito asistencial que se define como unha “forma de filiación establecida polas leis entre unha persoa e outra que non é o seu fillo natural” (Núñez Roldán, 2011; 113). O seu estudo está condicionado polas fontes cuxa existencia e abundancia a determina o tipo de porfillamento que se desenvolva. Deste xeito, o rastro dos mesmos redúcese ás levadas a cabo formalmente, é dicir, aqueles que se realizan por vía notarial -os que menos- ou administrativa, que rematarán por absorber aos primeiros. Porén, a maioría de entregas, atendendo a Raquel Medina Plana eran informais e, como tal, non deixaban apenas rastro documental (Medina Plana, 2014; 198). No caso galego, as fontes son escasas.

En relación o porfillamento de expósitos no que se centra este traballo, o neno ou nena podía, unha vez rematado o período de crianza aos sete anos, ser porfillado por una familia ou pola ama de cría. Para elo, ten que seguir un procedemento establecido pola inclusa, no caso de Granada por exemplo, o reitor tiña que facer un informe sobre as circunstancias e as posibilidades dos adoptantes que aprobará o xuíz superintendente do Real Hospicio. Ademais dunha revisión anual do estado do neno ou nena. Porén, na práctica, como xa se sinalou con anterioridade, moitas fanse sen cumprir esta normativa (Fuente Galán, 2001; 226-227). A pregunta que cómpre facerse é, en consonancia cos afectos, se este proceso de porfillamento supuña máis un compromiso de corte benéfico-asistencial ou un aproveitamento da situación, que a existencia dun fío ou emoción paternal.

A realidade que nos atopamos é que o expósito, na ampla maioría dos casos, non chega a integrarse como membro de pleno dereito dentro da familia senón que se atoparía na súa periferia, o igual que os criados (Fuente Galán, 2001; 228). A maioría eran porfillados coa finalidade de que traballaran para eles -criados, aprendiz ou axudante- pero sen ter que facerse cargo dos gastos que supuña a crianza. Atopamos datos que ratifican esta postura como é o caso sevillano: 63% de adoptantes con profesión coñecida eran artesáns, 21% sectores sociais medios como funcionarios ou profesións liberais, 7% clero e achegados e 9% nobreza (Núñez Roldán, 2011; 121). As nenas ocuparíanse do servizo doméstico. Isto apoiaría a tese de que o porfillamento se faría coa vontade de conquistar man de obra barata e obediente. Porén, en contraposición, Juan José Iglesias

Rodríguez sinala a este respecto que a crianza dun neno ata que está en idade de desenvolver un oficio era cara e que este podería ser unha condición imposta polos administradores das inclusas para garantirlle un futuro ao expósito. Do mesmo xeito, cómpre non menosprezar o porfillamento por parte das amas de cría que terían como base outros motivos de carácter máis persoal e afectivo. Sería o caso por exemplo da substitución dun fillo falecido ou a ausencia dun natural. (Núñez Roldán, 2011; 122)

5.3. O futuro dos nenos e nenas

Para poder ter unha visión completa do papel tan importante que xogaban as amas de cría, xa non só dentro do propio eido familiar ou na supervivencia dos expósitos, senón tamén na distribución social e territorial da sociedade galega, cómpre falar tamén do futuro dos nenos aleitados. Saber a distribución territorial remítenos ás propias áreas de influencia das institucións encargadas destes nenos e nenas, así como dos fíos que se constrúen dentro do proceso de crianza. Falamos pois dun futuro no que se mesturan as consecuencias sociais, culturais e económicas do traballo das amas de cría, aquí radica a súa importancia.

O futuro máis habitual de todos aqueles nenos expósitos era a morte. Os datos son verdadeiramente alarmantes, a mediados do século XVIII a porcentaxe de menores de dous anos falecidos no Hospital dos Reis Católicos en Santiago de Compostela era do 77%. A finais deste mesmo século a taxa de supervivencia dos 7 anos de idade era dun 11-12% dos ingresados (Sobrado Correa, 2001; 225). (Gráfico 2, Táboa 10) Os motivos era a falta de coidado e hixiene, deficiencias alimentarias, os duros traslados e o seu carácter de non desexados (Sobrado Correa, 2001; 226). Porén, todos aqueles que sobreviven a idade de 7 anos poden seguir dous camiños, a adopción por parte das amas de cría -xa tratado no punto anterior- ou que fosen devoltos á institución. Este segundo caso era o máis común. As fontes o respecto son parcas pero sábese que son enviados aos hospicios onde se lles aprenderá un oficio como criado, costureira, artesán ou soldado entre outros (Sarasúa García, 2021; 15; Sarasúa García, Erdozáin Azpilicueta, Hernández García, 2023; 249). A maior parte dos expósitos vivirán nas zonas onde foran criados. Deste xeito, atopamos unha gran concentración nas zonas especializadas. Podemos destacar O Saviñao onde o 10% dos fogares do libro de empadroamento municipal en

1900 teñen á cabeza do fogar ou entre os seus membros a persoas que teñen o nome ou apelido “Expósito” (Dubert García, Muñoz Abeledo, 2023; 16). É importante tratar a parte o caso das nenas cuxa posibilidade de acabar no camiño da beneficencia era maior pola vinculación clásica co núcleo social básico da familia. As institucións encargadas destas nenas eran escasas, podemos destacar o caso santiagués de Maria de Cores. Tratábase da iniciativa particular dunha veciña que, á altura de 1641 abre un hospicio para orfas desamparadas (Rial García 2003; 520).

6. Os conflitos derivados da relación entre os menores e as amas de cría

As relacións que aquí se analizan non están, como é doado de entender, libres de toda unha serie de artellamentos e fraudes, así como protestas e rexeitamentos, especialmente da man de todas estas mulleres que se vían obrigadas a exercer como amas de cría simplemente polo seu lugar de residencia. Do mesmo xeito, especialmente estas protestas abarcaron tamén outros estratos sociais -o caso de clérigos que se negaron o reparto de expósitos- e formas -rexeitamento o aleitamento alleo de bebés de nais sans dende a tratadística-. Os fraudes e abusos eran tamén de distinta magnitude e alcance xogando, como veremos, moi especialmente coa sobreesaturación das institucións e as longas distancias que separaban o lugar de residencia dos menores das institucións que os acolleran.

As fontes empregadas son variadas, por un lado as de carácter xudicial, aínda que, polo propio funcionamento do sistema a maioría dos conflitos non rematan asumindo esta magnitude. Por outro, atopámonos con documentación administrativa coma libros de rexistro das institucións encargadas dos expósitos e as normativas.

6.1. Abusos e fraudes

Os abusos e fraudes eran estrataxemas que desenvolvían as amas de cría coa finalidade de continuar percibindo o soldo polo aleitamento do menor ou aumentar os seus ingresos a costa do mesmo -obrigar ao expósito a mendigar-. Eran conductas e movementos frecuentes nun corpo de traballadoras composto por mulleres pobres e de cuxos ingresos por esta labor podían supor acadar o limiar de subsistencia de toda a familia.

Deste xeito, os hospitais de expósitos rexistraban regularmente probas de fraude de moi distinto tipo e magnitude. Entre elas podemos destacar o abandono do propio fillo no torno da inclusa para despois sacalo recibindo o soldo correspondente por ama de cría. (Hernández García, 2022; 105). Ademais era frecuente que as amas de cría externas presentaran nenos diferentes aos que sacaban da inclusa nas revisións e controis, que intentasen exercer como amas de cría mulleres que non tiñan leite ou que nestes controis mencionados, os nenos pasaran dunha ama de cría a outra (Sarasúa García, Erdozain Azpilicueta, Hernández García, 2023; 264-265). Os encargados de evitalo eran os propios administradores da inclusa que tendían a apoiarse na información que tiña o párroco. Tamén, na normativa deste tipo de institucións, aparecen certas prohibicións que buscan a protección do menor fronte á morte¹⁶ e un posible abuso da ama de cría. Un exemplo é a de non deixar sacar a máis dun neno da inclusa por ama de leite, así asegurábase que todos os menores puideran recibir leite suficiente.

No referido ao control dos abusos sobre os nenos e nenas que se podían ocasionar no fogar -maltrato físico de diverso tipo, abandono, desatención, etc.- o seu control era máis complicado. O axente encargado desta actividade serían os párrocos. O seu coñecemento do lugar e dos habitantes, permitíalles exercer todas estas tarefas de supervisión ás que a propia institución encargada dos nenos e nenas non chegaba (Sarasúa García, Erdozain Azpilicueta, Hernández García, 2023; 264-265). O motivo disto estaba relacionado, fundamentalmente, coas vías de comunicación, as distancias e os medios humanos dispoñibles. As localidades ás que se levaban os menores non se reducían, como xa vimos, unicamente aos arredores da institución (Mapas 1, 2, 3, 4), dificultando moito os controis nelas. Ademais tampouco había unha persoa encargada especificamente desta tarefa que puidera facer viable estes traxectos.

Deste xeito, os sistemas de control e vixilancia establecidos por parte das inclusas e dos párrocos eran precarios e insuficientes. Así o evidencian as altas cifras de mortalidade e as causas das mesmas -desatención, maltrato, etc.-

¹⁶ Serrana Rial recolle o caso da querrela criminal promovida no ano 1704 polo Administrador D. Fray Juan de Córdoba contra dúas mulleres da feligresía de San Andrés de Veá que deixan morrer catro nenos recibidos para criar. (Rial García 2003; 517)

6.2. Protestas e rexeitamentos

As protestas e rexeitamentos a esta actividade son complicadas de estudar porque non quedan rexistradas nunha gran cantidade de fontes. Cómpre ter en conta para falar desta cuestión o punto no que se aborda a aceptación ou o rexeitamento dos expósitos - apartado 5.1- deste mesmo traballo. Aquí, o igual que fixemos neste, podemos facer unha distinción entre o rexeitamento máis formal -a tratadística médica- e os textos contemporáneos e a posición das propias amas de cría.

Con respecto ao primeiro, os autores céntranse en sinalar a incapacidade da ama de cría. O motivo é a imposibilidade de educar a estas mulleres para que exerzan o seu traballo mellor (Sarasúa García, 1992; 18). Ademais construíron relatos nos que se defenden unhas supostas “obrigacións domésticas” das mulleres, entre as que se incluíría o aleitamento dos fillos. O eixe da crítica recae no feito de que o aleitamento alleo non debería partir dunha motivación monetaria. Pola contra, tiña que ser unha actividade desinteresada e altruísta, non pode asumir funcións de nai. As súas condicións sociais e económicas fan que a súa forma de vida non sexa recomendable (Bolufer Peruga, 1992; 17). Neste senso, Jaime Bonells escribe *Perjuicios que acarreean al género humano y al Estado las madres que rehúsan criar aa sus hijos* define a lactancia asalariada como un “transtorno de orden natural y civil” e propón vulgar e condenar a todas aquelas nais que contraten a outras mulleres para o aleitamento dos seus fillos sen ter causas médicas que o xustifiquen (Sarasúa García, 1994; 187-190). Nesta mesma liña tamen atopamos o tratado médico de José Iberti, *Método artificial de criar a los niños recién nacidos* (1795); *Reglas para escoger amas y leche* de Carlos Toquero Sandoval (1617) ou *Tres discursos para probar que todas las madres están obligadas a criar a sus hijos a sus pechos, cuando tiene buena salud* de Juan Gutiérrez de Godoy de 1629. Tamén os moralistas abordarán o tema do aleitamento alleo. Atopamos obras como *De institutione Feminae Christianae* de Luis Vives, 1523; fray Antonio de Guevara, *Relox de príncipes*, 1529; Pedro Luján, *Diálogos matrimoniales*, 1550; fray Luís de León, *La perfecta casada*, 1584; Juan de la Cerda, *Vida política de todos los estados de mujeres*, 1599.

No segundo dos casos, os rexeitamentos xorden maioritariamente a consecuencia dos soldos tan baixos e dos continuos retrasos por parte das institucións para pagalos. As mulleres decidían, en consecuencia, non sacar máis nenos ou devolver os que tiñan o seu

cargo, correndo o perigo de que as inclusas se atopen cun insuficiente subministro de amas de cría. O caso do Hospital Real de Santiago de Compostela é, a este respecto, destacado pois estableceuse en 1674 o reparto forzoso de expósitos entre as mulleres casadas das parroquias próximas a Santiago ante un forte episodio de resistencia¹⁷. Porén, esta medida non implica a desaparición dos rexeitamentos, e moito menos, das resistencias. Así, atopamos distintos preitos que nos falan das mesmas. Estes “sustanciábanse na audiencia do propio administrador do Hospital -na súa calidade de xuíz conservador da real casa, non en van o Hospital disfrutaba de xurisdición exenta civil e criminal-, polo que a sentenza non podía ser dubidosa”. (Eiras Roel, 2004; 404).

CONCLUSIÓN

Recollendo todo o aquí exposto, o aleitamento alleo, imposto polo modelo de vida e de sociabilidade das clases acomodadas, transpasa as súas fronteiras no século XVIII, dando lugar a un mercado laboral cunhas características definidas. A duplicidade de modelos establecidos: aleitamento na casa dos pais do menor ou na da ama de cría, vese, así mesmo, determinado pola capacidade económica dos contratantes. No caso galego, a maior parte do corpo de traballadoras confórmanos as amas de cria insituacionais, aquelas que dan cobertura ao sistema asistencial de expósitos, con centro no Hospital Real de Santiago de Compostela. O fenómeno da exposición, práctica extendida no conxunto da sociedade da Idade Moderna, é considerado un mal menor fronte o infanticidio.

Deste xeito, o modelo asistencial coas súas correspondentes estratexias de contratación proxectarase sobre a distribución social e territorial do espazo galego pois definirá os lindes do mercado de traballo e creará áreas especializadas. O resultado é un entramado de relacións bidireccionais e de dependencia entre o mundo urbano (emisor) e o rural (destinatario) sostido e marcado polas redes de comunicación previas -camiños e carreteiras-. Este terá o seu reflexo nas dúas áreas de maior concentración de amas de cría, os municipios do sueste da cidade de A Coruña e as estribacións da Serra do Faro.

¹⁷ Esta medida ten unha orixe xurisdiccional cando se produce un enfrontamento entre as autoridades do Hospital Real de Santiago de Compostela co mordomo pedáneo da parroquia de San Xoan de Ordoño. Este último négase a repartir os expósitos entre as mulleres o que derivou nun conflito que rematou nun pleito na Real Audiencia de Galicia que gaña o Hospital. (Sarasúa García, 2021; 52)

O corpo de amas de cría galegas estaba conformado por mulleres rurais -entre o 86% e o 98% entre 1787 e 1800- maioritariamente pertencentes aos sectores máis baixos da sociedade. Estas mulleres atoparon aquí unha forma de ingreso que lles permitía acadar o limiar de subsistencia a vez que non interfería no resto de actividades a realizar. Os seus soldos variaban segundo o contratante, atopando así todo un abano de posibilidades que ten, nun extremo, aquelas que conformaban o corpo do servizo das familias adiñeiradas e, no outro, as amas de cría institucionais. Da mesma maneira, dentro deste último os xornais variaban en consonancia co posto e as bases económicas da institución. Trátase de xornais estables, compostos por unha porcentaxe en metálico e outra en especie que permitía aos empregados percibir diariamente unha dieta alimenticia básica e axustarse a evolución da conxuntura agraria. Eran de importancia maiúscula tamén para a propia localidade de residencia destas mulleres pois a inxección de cartos permitía a estimulación da circulación de diñeiro, a redución do endebedamento e a compensación dos baixos soldos agrícolas.

A importancia do traballo de ama de expósitos non se reduce unicamente a unha cuestión económica senon que estará fortemente vinculado co social e o cultural. Deste xeito, o sacramento bautismal conxuntamente co sistema onomástico que del resulta, supón o primeiro enlace coa vertente social do traballo de ama de cría. Así, o amadriñamento -a maioría das que exercían este papel eran mulleres- destes nenos permite outorgarlle unha personalidade a través do nome, podendo alonxalos da súa condición de “abandonados”. Ademais, nalgúns casos, permite a creación dunha primeira rede social e de apoios. Neste senso, o bautismo sucedíase na propia inclusa, durante o traslado a mesma ou na parroquia na que era atopado o expósito. A partir do século XVIII había unha primacía do modelo individual. A maioría das madriñas eran traballadoras de inclusa de baixo grao en consonancia coa concepción do bautismo como un mero trámite. Isto fixo que fixo que fallara na súa definición máis básica tanto no plano relixioso como no social. Así, garantía a salvación da alma pero o parentesco espiritual non era efectivo.

A onomástica fálanos das tendencias da sociedade galega pero tamén da vontade de integración e de protección dos expósitos -exemplo da implantación do apelido Rey en toda Galicia-. Predominaba un único nome sen relación aparente. Abundaban tamén os

do santo do día no que foran bautizados. Rexístranse ademais máis nomes de madriña que de padriño en consonancia co funcionamento do bautismo, e, se participa un membro da comunidade, é común que aparezan referencias simbólicas.

Por outra banda, os relacións entre a ama de cría e o menor eran, de base, desiguais. Para a primeira supuña un aporte monetario mentres que a supervivencia do segundo dependía directamente dela. Porén, isto non impide que entre eles se puideran desenvolver outro tipo de relacións, especialmente aquelas que acollen aos menores ata os sete anos. A partir de aquí podía ser devolto a incluso -maioría dos casos- ou porfillado. Para Galicia, os casos atopados son moi poucos o que non significa que, fora da vía notarial, non se rexistraran máis. Normalmente, o expósito era empregado como man de obra dócil e gratuíta.

Estas relacións das que vimos falando xeran tamén conflitos. Atopamos protestas e rexeitamentos así como abusos e fraudes con dobre finalidade. Por un lado buscábase librarse deste traballo que se convertira en obriga para moitas coa promulgación das Constitucións de 1697. Polo outro, tiñan a finalidade de continuar percibindo o soldo polo aleitamento do menor ou aumentar os seus ingresos a costa do mesmo. Fronte a eles, establecéronse sistemas de control e vixiancia por parte das inclusas e dos párrocos que foron precarios e insuficientes. Así o evidencian as altas cifras de mortalidade e as causas das mesmas.

Finalmente podemos determinar que as amas de cría conforman todo un corpo de traballadoras heteroxéneo e con fondas consecuencias no eido familiar. Especialmente o traballo desenvolvido polas amas de expósitos, erixíase como indispensable nun sistema asistencial precario e insuficiente. Neste senso, o estudo ao redor desta figura enténdese como chave para comprender non só o ámbito asistencial do Antigo Réxime e o fenómeno da exposición senon tamén o conxunto da economía familiar campesiña galega, moi especialmente naquelas casas pobres e de xefatura feminina.

BIBLIOGRAFÍA

- Alcalá Galán, M. (2022). “*Con esta carga nacemos las mujeres*”. *Discursos sobre el cuerpo femenino en la España de Cervantes*. Iberoamericana Editorial Vervuert.
- Barreiro Mallón, O. e Rey Castelao, O., (1996). Pobreza, enfermedad y asistencia en Santiago a fines del Antiguo Régimen. En Rodríguez Casal A., *Humanitas. Estudios en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real* (pp. 559-613). Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicaciones Intercambio Científico.
- Bolufer Peruga, M., (1992). Actitudes y discursos sobre la maternidad en la España del siglo XVIII. La cuestión de la lactancia. *Historia social*, (14), 3-24.
- Dubert García, I., (1988). Mecanismos asistenciales y mortalidad infantil en la Galicia del interior: el Hospital de S. Pablo de Mondoñedo de 1780 a 1850. *SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades*, (1), 199-223.
- Dubert García, I., (2013) L'abandon d'enfants dans l'Espagne de l'Ancien Régime : réévaluer l'ampleur et les causes du phénomène. *Annales de démographie historique*. 1(125), 141-164.
- Dubert García, I., Muñoz Abeledo L. M., (2021). Salarios femeninos y economías familiares: las amas de cría de los hospicios de Galicia (1700-1900). En Sarasúa C. (ed.), *Salarios que la ciudad paga al campo. Las nodrizas de las inclusas en los siglos XVIII y XIX* (pp. 44-67), Publicacions de la Universitat d'Alacant.
- Dubert García, I., Muñoz Abeledo, M. L. (2023). Gender, Work, and Family Economies. Wet Nurses in Rural Galicia, 1850-1900. *Rural History*, 34, 147-164.
- Eiras Roel, A. (1968). La casa de expósitos del Real Hospital de Santiago en el s. XVIII. *Separata. Extra comercial del Boletín de la Universidad Compostelana*, (75-76).
- Eiras Roel, A. (2004). La Casa de Expósitos. En García Iglesias, J. M. (dir.), *El Hospital Real de Santiago de Compostela y la hospitalidad en el Camino de peregrinación*.

Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, 14 de julio-29 agosto, 2004 (pp. 397-411). S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

Fuente Galán, M. del. P. de la. (1997). La situación de las incluidas en el siglo XVIII. La encuesta de 1790. *Chronica Nova*, (24), 61-78.

Fuente Galán, M. del. P. de la. (2001). *Marginación y pobreza en la Granada del siglo XVIII. Los niños expósitos*. Editorial Universidad de Granada.

González González, B. (2022). Nodrizas: las trabajadoras biológicas del hambre. En Cabrera Espinosa, M., López Cordero J. A. (coords.), *XIV Congreso Virtual sobre Historia de las Mujeres: (15 al 31 de octubre de 2022)*. Asociación de Amigos del Archivo Diocesano de Jaén.

González López, T. (2018) *Madriñas de brazo, padriños de pía. Apadriñamento e bautismo no suroeste de Lugo (séculos XVI-XIX)*. Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares.

González López, T. (2018). *Prácticas colectivas en las comunidades parroquiales de la Galicia interior, siglos XVI-XIX*. [Tese doutoral, Universidade de Santiago de Compostela].

González López, T. (2020). *Creencias, asistencia y nacimiento. Dar a luz en el interior de Galicia (ss. XVII-XIX)*. Ediciones Universidad de Valladolid.

Hernández García, R. (2022). Las nodrizas de las casas de expósitos de Castilla y León en los siglos XVIII y XIX. *Revista de Demografía Histórica-Journal of Iberoamerican Population Studies*, 40(1), 89-112.

Hernández García, R., Fernández Portela, J., (2022). Expósitos y nodrizas: geografía de la pobreza en el Valladolid del siglo XVIII. *Investigaciones Históricas. Época Moderna Y Contemporánea*, (42), 615–650.

- Iglesias Rodríguez, J. J., (2011). El prohijamiento o adopción en la Edad Moderna: Ley, práctica y doctrina. En Núñez Roldán, F., *La infancia en España y Portugal. Siglos XVI-XIX* (pp. 97-111). Sílex.
- Lara Ródenas, M. J. de, (2011). Expósitos adoptados. Miradas hacia el interior de la familia moderna (Huelva, siglo XVII). En Núñez Roldán, F., *La infancia en España y Portugal. Siglos XVI-XIX* (pp. 97-111). Sílex.
- López Beltrán, M.T. (1997). El prohijamiento y la estructura oculta del parentesco en los grupos domésticos malagueños a finales de la edad media e inicios de la edad moderna (aportación a su estudio). En Villar García, M. B (coord.), *Vidas y recursos de mujeres durante el Antiguo Régimen* (pp. 47-78). Atenea: Estudios de género.
- Martínez Rodríguez, E. (2014). *La población de Santiago de Compostela (1630-1860). Estructuras, coyunturas y comportamientos demográficos*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela.
- Medina Plana, R., (2014). Escrituras de adopción o prohijamiento de expósitos de la Inclusa de Madrid (1700-1852). *Cuadernos de historia del derecho*, (21), 189-211.
- Rey Castelao, O. e Castro Redondo, R., (2018). Ilegítimos y expósitos en A Coruña, 1793-1900: apadrinamiento y onomástica. En Lobo de Araújo, M. e Martín García, A. *Os marginais, séculos XVI-XIX* (pp. 11-34) . Edições Humus.
- Rey Castelao, O., (2007). La "movilidad envenenada" de las mujeres gallegas a fines del antiguo régimen. En Gómez González, I., López-Guadalupe, M. L. (coords.), *La movilidad social en la España del Antiguo Régimen* (pp. 77-102). Comares.
- Rey Castelao, O., (2010). Trabajando a cubierto. Las empleadas institucionales a fines del Antiguo Régimen. *Mélanges de la Casa de Velázquez*, 40(2), 73-93.

- Rey Castelao, O., (2022). *El vuelo corto: mujeres y migraciones en la Edad Moderna*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC.
- Rey Castelao, O., Barreiro Mallón, B. (2014). Apadrinar a un pobre en la diócesis de Santiago de Compostela, siglos XVII-XIX. En Pérez Álvarez M. J., Lobo de Araújo, M. M. (coords.). *La respuesta social a la pobreza en la Península Ibérica durante la Edad Moderna* (pp. 209-238). Universidad de León, Servicio de Publicaciones.
- Rey Castelao, O., Rial García, S. M. (2010). *Historia das mulleres en Galicia. Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Presidencia. Secretaría Xeral de Igualdade.
- Rey Castelao, O., Rial García, S. M., (2009). *Historia de las mujeres en Galicia (siglos XVI al XIX)*. Trea Ediciones.
- Rial García, S. M. (1995). *Las mujeres en la economía urbana del antiguo régimen. Santiago durante el siglo XVIII*. Edicións do Castro.
- Rial García, S. M. (2005). *El trabajo de las mujeres del campo en la Galicia moderna*. Asociación Española de Investigación de Historia de las Mujeres (AEIHM).
- Rial García, S. M. (2009). Trabajo femenino y economía de subsistencia: el ejemplo de la Galicia moderna. *Manuscrits: Revista d'història moderna*, 27, 77-99.
- Rial García, S.M., (2003). *Mujer y actividad económica en la Galicia moderna. La inserción de las mujeres en la producción económica rural y urbana*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Rodríguez García, R: (2017). Nodrizas y amas de cría. Más allá de la lactancia mercenaria. *Dilemata*, 25, 37.54.
- Sarasúa, C. (1994). *Criados, nodrizas y amos. El servicio doméstico en la formación del mercado de trabajo madrileño, 1758-1868*. Siglo Veintiuno de España Editores.
- Sarasúa, C. (2021). Los salarios de las nodrizas de las inclusas. Ingreso familiar y economía rural. En Sarasúa C. (ed.), *Salarios que la ciudad paga al campo. Las*

nodrizas de las inclusas en los siglos XVIII y XIX (pp. 11-41), Publicacions de la Universitat d'Alacant.

Sarasúa, C., Erdozain, P., e Hernández, R. (2023). Nursing babies to fight poverty: wages revo of wet nurses of spanish foundling hospitals in the 18th and 19th centuries. *Revista de Historia Económica / Journal of Iberian and Latin American Economic History*, 41(2), 243–271.

Sobrado Correa, H., (2001). *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen, siglos XVI-XIX*. Deputación de Lugo.

ANEXOS

Táboa 1: Evolución da exposición na Diocese de Lugo

	Mediados s.XVI	Tránsito s.XVI- XVII	Mediados s.XVII	Tránsito s.XVII- XVIII		Mediados s.XVIII	Tránsito s.XVIII- XIX	Mediados s.XIX	Tránsito s. XIX- XX
Nº	3	0	8	15		24	74	55	1
%	0,98%	0,00%	0,42%	0,53%		0,85%	2,45%	1,81%	0,04%
Total	306	1035	1901	2820		2827	3025	3047	2616

Fonte: González López, T. (2018). *Prácticas colectivas en las comunidades parroquiales de la Galicia interior, siglos XVI-XIX*. [Tese doutoral, Universidade de Santiago de Compostela], p. 349.

Táboa 2: Evolución anual de expósitos do Hospital Real, 1651-1865

Años	Datos brutos	Índices anuales	Medias móviles	Años	Datos brutos	Índices anuales	Medias móviles	Años	Datos brutos	Índices anuales	Medias móviles	Años	Datos brutos	Índices anuales	Medias móviles
1651	173	51		1678	155	46	206,0	1705	322	96	330,0	1732	273	81	279,4
1652	207	61		1679	183	54	213,0	1706	357	106	318,1	1733	264	78	277,7
1653	184	55		1680	223	66	220,7	1707	324	96	311,4	1734	283	84	275,4
1654	183	54		1681	240	71	232,4	1708	296	88	306,4	1735	280	83	275,2
1655	193	57		1682	211	63	240,7	1709	315	94	308,5	1736	261	77	279,9
1656	-	-	195,4	1683	325	96	250,5	1710	262	78	308,4	1737	313	93	289,3
1657	-	-	196,9	1684	271	80	262,6	1711	211	63	314,5	1738	275	82	296,6
1658	204	61	195,7	1685	278	83	271,3	1712	327	97	315,4	1739	254	75	309,3
1659	185	55	204,6	1686	285	85	279,3	1713	322	96	318,0	1740	280	83	326,7
1660	226	67	209,2	1687	277	82	283,7	1714	340	101	322,5	1741	330	98	341,2
1661	204	61	214,1	1688	308	91	290,6	1715	316	94	323,3	1742	369	110	361,3
1662	186	55	215,8	1689	288	86	287,7	1716	389	115	326,3	1743	354	105	376,7
1663	196	58	212,8	1690	278	83	288,0	1717	367	109	334,5	1744	403	120	403,6
1664	264	78	215,4	1691	311	92	287,6	1718	353	105	333,5	1745	475	141	436,1
1665	225	67	217,5	1692	289	86	291,5	1719	346	103	332,5	1746	439	130	469,2
1666	237	70	214,1	1693	287	85	299,2	1720	323	96	330,8	1747	482	143	495,0
1667	231	69	214,5	1694	293	87	301,6	1721	295	88	329,9	1748	483	143	518,1
1668	183	54	215,3	1695	274	81	306,5	1722	301	89	321,2	1749	571	170	542,5
1669	232	69	215,0	1696	274	81	317,7	1723	316	94	313,3	1750	611	181	559,3
1670	208	62	205,3	1697	327	97	323,7	1724	311	92	306,8	1751	644	191	580,5
1671	189	56	201,6	1698	362	107	326,2	1725	322	96	300,6	1752	614	182	594,0
1672	209	62	198,3	1699	335	99	329,0	1726	306	91	295,5	1753	623	185	604,1
1673	194	58	191,4	1700	342	102	331,6	1727	293	87	293,5	1754	622	185	615,3
1674	193	57	191,4	1701	401	119	339,2	1728	280	83	290,1	1755	588	175	616,1
1675	157	47	190,5	1702	377	112	343,7	1729	282	84	287,1	1756	708	210	612,6
1676	185	55	193,5	1703	316	94	340,9	1730	278	83	284,3	1757	588	175	611,8
1677	200	59	195,5	1704	318	94	336,6	1731	266	79	278,7	1758	593	176	607,9

Fonte: Martínez Rodríguez, E. (2014). *La población de Santiago de Compostela (1630-1860). Estructuras, coyunturas y comportamientos demográficos*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela, p.816.

Táboa 3: Número de amas de cría externas nas inclusas galegas, 1787-1900

Inclusas	1787	1860	1890
Santiago	854	856	338
A Coruña, capital (A)	No existe inclusa	396	sin datos
Lugo, capital (B)	No existe inclusa	125	180
Ourense, capital (C)	747	687	sin datos
Mondoñedo (D)	362	: sin datos	sin datos
Pontevedra	No existe inclusa	sin datos	70
Total	1963	2064	588

A: El año de referencia es 1858. B: Los años de referencia son 1847 y 1897. C: La cifra ha sido estimada en función del número de niños que entraron en la inclusa en ese año restando los que se murieron. Si alguna mujer tuviese más de un expósito el número de nodrizas sería inferior. D: El primer año para el que tenemos datos de niños expósitos y nodrizas es 1807.

Fonte: Dubert García, I., Muñoz Abeledo L. M., (2021). Salarios femeninos y economías familiares: las amas de cría de los hospicios de Galicia (1700-1900). En Sarasúa C. (ed.), *Salarios que la ciudad paga al campo. Las nodrizas de las inclusas en los siglos XVIII y XIX* (pp. 44-67), Publicacions de la Universitat d'Alacant, p. 47.

Táboa 4: Localidade de residencia das amas externas das inclusas galegas, 1787-1900 (en %)

Inclusas	Rural	Urbano	N
A Coruña, 1858-1860	87	13	396
Pontevedra, 1875-1879	86	14	229
Ourense, 1858-1859	93	7	687
Santiago, 1787	96	4	854
Santiago, 1860	98	2	856
Santiago, 1896	92	8	338

Fonte: Dubert García, I., Muñoz Abeledo L. M., (2021). Salarios femeninos y economías familiares: las amas de cría de los hospicios de Galicia (1700-1900). En Sarasúa C. (ed.), *Salarios que la ciudad paga al campo. Las nodrizas de las inclusas en los siglos XVIII y XIX* (pp. 44-67), Publicacions de la Universitat d'Alacant, p.51.

Táboa 5: Número de expósitos sacados das inclusas polas amas de cría (%) (1858-1893)

Number of children cared for by wet nurse	Ferrol 1848-93	A Coruña 1858-60	Santiago 1860	Pontevedra 1875-9	Ourense 1858-60
1	87.2	65.9	93.0	83.8	81.5
2	9.5	25.4	6.4	14.0	13.9
3 or more	3.3	8.7	0.5	2.2	4.6
Total	100	100	100	100	100
Number of cases	546	693	916	229	1359

Fonte: Dubert García, I., Muñoz Abeledo, M. L. (2023). Gender, Work, and Family Economies. Wet Nurses in Rural Galicia, 1850-1900. *Rural History*, 34, p.6.

Táboa 6: Estado civil das amas de cria externas das inclusas galegas (%)

Civil status	Ourense 1858-60	Pontevedra 1875-9	Ferrol 1854-93	Santiago 1860	A Coruña 1858-60
Married	no data	45	63	96	no data
Single	no data	44	28	1	no data
Widowed	no data	11	9	3	no data
Total		100	100	100	
Number of cases		227	552	916	

Fonte: Dubert García, I., Muñoz Abeledo, M. L. (2023). Gender, Work, and Family Economies. Wet Nurses in Rural Galicia, 1850-1900. *Rural History*, 34, p. 12.

Táboa 7: Porcentaxe de gastos do ramo de expósitos con respecto do total no Hospital Real de Santiago de Compostela

AÑO	GASTOS DEL HOSPITAL	GASTOS DE EXPOSITOS	VOLUMEN RELATIVO
1753	229.300 rs. vn.	40.700 rs. vn.	17,75 %
1775	379.587 rs. vn.	59.920 rs. vn.	14 %
1802	660.688 rs. vn.	100.000 rs. vn.	15 %

Fonte: Eiras Roel, A. (1968). La casa de expósitos del Real Hospital de Santiago en el s. XVIII. *Separata. Extra comercial del Boletín de la Universidad Compostelana*, (75-76), p.339.

Táboa 8: Ingresos e gastos dunha familia composta por un xornaleiro agrario e unha ama de cría con tres fillos en 1850 (reais por día)

Ingreso Jornalero	Ingreso Nodriza	Ingreso Nodriza	Gasto Total diario	Jornalero Gasto cubierto %	Nodriza Gasto cubierto %	Nodriza Gasto cubierto %
	1 expósito	2 expósitos			1 expósito	2 expósitos
3,5	0,70	1,22	8	44	9	15

Fonte: Dubert García, I., Muñoz Abeledo L. M., (2021). Salarios femeninos y economías familiares: las amas de cría de los hospicios de Galicia (1700-1900). En Sarasúa C. (ed.), *Salarios que la ciudad paga al campo. Las nodrizas de las inclusas en los siglos XVIII y XIX* (pp. 44-67), Publicacions de la Universitat d'Alacant, p.66.

Táboa 9: Ingresos e gastos dunha familia formada por unha ama de cría e un peón-canteiro con tres fillos pequenos (reais/día)

Años	Ingresos peón cantero	Ingresos nodriza Santiago	Ingresos nodriza A Coruña-Ourense	Gasto diario en alimentos	Peón cantero Gasto cubierto %	Nodriza Santiago Gasto cubierto %	Nodriza A Coruña-Ourense Gasto cubierto %
1766-70	2.2	0.17	sd	4.8	45	3.5	--
1796-1800	3.9	0.2	1	8.6	45	2.3	11.7
1866-70	3.8	0.7	0.6	8.5	44	8.2	7
1895-1900	5.2	1	1	8.9	57	11	11

Fonte: Dubert García, I., Muñoz Abeledo L. M., (2021). Salarios femeninos y economías familiares: las amas de cría de los hospicios de Galicia (1700-1900). En Sarasúa C. (ed.), *Salarios que la ciudad paga al campo. Las nodrizas de las inclusas en los siglos XVIII y XIX* (pp. 44-67), Publicacions de la Universitat d'Alacant, p.63.

Táboa 10: Promedio anual de amas de cría que concurren ao Hospital Real de Santiago de Compostela cun neno vivo.

AÑO	PAGA	Rs. Vn.	N.º de Amas
1784	"	14.216,14	297
1785	"	13.888,4	278
1786	"	14.455,16	290
1787	"	13.022,22	276
1788	"	9.514,16	210
1789	"	14.120,20	270
1790	vario	12.275,18	228
1791	"	12.016	267
1799	vario	16.388,6	295
PROMEDIO anual de amas que concurren con niño vivo:			235

Fonte: Eiras Roel, A. (1968). La casa de expósitos del Real Hospital de Santiago en el s. XVIII. *Separata. Extra comercial del Boletín de la Universidad Compostelana*, (75-76), p. 336.

Táboa 11: Porcentaxe de ingresos do Hospital Real de Santiago de Compostela según procedencia.

CUADRO 1				
	%Limosnas	%Renta patrimonio	%Censos/juros	%Rentas eccas.
1600/1650	4.3	10.7	35.8	46.1
1650/1700	2.7	16.5	10.5	70.3
1700/1750	2.2	15.2	23.4	58.4
1750/1800	2.7	5.6	9.9	76.2

Fonte: Barreiro Mallón, O. e Rey Castelao, O., (1996). Pobreza, enfermidade y asistencia en Santiago a fines del Antigo Régimen. En Rodríguez Casal A., *Humanitas. Estudios en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real* (pp. 559-613). Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicaciones Intercambio Científico, p.575.

Táboa 12: Evolución de ingresos do Hospital Real de Santiago de Compostela, 1606-1828.

	Rs.v./año	Prod.deflactado
1606/08	142.960	99
1612/14	107.850	97
1631/35	124.428	71
1651/56	170.041	119
1666/75	165.368	77
1708/18	164.041	76
1740/45	267.334	125
1750/59	304.754	104
1760/69	500.307	165
1770/79	473.074	134
1780/89	415.423	115
1790/99	549.931	117
1815/18	298.101	39
1819/22	102.996	30
1823/28	483.230	133

Fonte: Barreiro Mallón, O. e Rey Castelao, O., (1996). Pobreza, enfermidade y asistencia en Santiago a fines del Antigo Régimen. En Rodríguez Casal A., *Humanitas. Estudios en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real* (pp. 559-613). Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicaciones Intercambio Científico, p.602.

Táboa 13: Importe da paga anual das amas de leite do Hospital Real de Santiago de Compostela, 1746-1802.

AÑO	Rs. Vn.
1746	30.652,12
1747	30.106,14
1748	24.255,18
1749	24.555,18
1750	29.041,8
1751	29.887,6
1752	31.795,26
1753	29.596,18
1754	29.256,4
1755	26.282,8
1756	26.365
1757	26.323,2
1758	28.137
1759	29.006,24
1760	26.783,26
1761	25.144
1762	24.056,20
1763	25.049,18
1765	26.513,6
1766	23.549,4
1767	20.314,4
1768	16.712,12
1802	50.937,33

Fonte: Eiras Roel, A. (1968). La casa de expósitos del Real Hospital de Santiago en el s. XVIII. *Separata. Extra comercial del Boletín de la Universidad Compostelana*, (75-76), p. 333.

Táboa 14: Importe da paga anual das amas de destete do Hospital Real de Santiago de Compostela, 1746-1802.

AÑO	PAGA	Rs. Vn.	N.º de Amas
1758	1.500 mrs.	10.882,24	251
1759	"	11.662,32	269
1761	"	12.131,20	269
1762	"	11.435,6	260
1763	"	10.553,28	241
1764	"	9.956,6	229
1765	"	9.759,28	224
1766	"	9.750,14	216
1767	"	10.183,14	219
1768	"	10.521,32	239
1769	"	9.056,28	245
1770	"	7.857,26	166
1771	"	6.014,4	130
1772	"	5.504,16	129
1773	"	4.947	108
1774	"	4.874,14	106
1775	"	5.864,10	129
1776	"	7.731,22	173
1777	"	9.940,26	231
1778	"	9.717,28	246
1779	"	11.623,3	291
1780	"	11.011,7	279
1781	"	12.175,6	324
1782	60 rs.	15.006,8	283
1783	"	14.319,14	302

Fonte: Eiras Roel, A. (1968). La casa de expósitos del Real Hospital de Santiago en el s. XVIII. *Separata. Extra comercial del Boletín de la Universidad Compostelana*, (75-76), p. 335.

Táboa 15: Composición dos soldos das empregadas do Hospital Real de Santiago de Compostela

RACIONES		ENFERMERA MAYOR	AMA MAYOR	ENFERMERAS
Cereal		825 litros de trigo	825 litros de trigo	660 litros de centeno
Leña		6 carros	–	–
Vino		740 cuartillos	740 cuartillos	370 cuartillos
Carne		525 libras	525 libras	485 libras
Aceite		1 medida/día de pescado	1 medida/día de pescado	1 medida/día de pescado
Velas		52 libras	52 libras	–
Salario (Reales vellón)	1708	88,8	58,28	44,4
	1756	462,8	608,28	244,4
	1792	850,0	1.010,0	244,4

Fonte: Rey Castelao, O., (2010). Trabaxando a cubierto. Las empleadas institucionales a fines del Antiguo Régimen. *Mélanges de la Casa de Velázquez*, 40(2), p.82.

Táboa 16: Número de padriños e madriñas e porcentaxe do número de nomes no Hospital Real de Santiago de Compostela.

Número de padriños y madriñas						
	Niños	Niñas	Padrino y madrina	Solo Padrino	Solo Madrina	Sin datos
1620	48	52	96	0	3	1
1700	53	47	100	0	0	0
1750	48	52	13	5	26	0
1800	51	49	8	14	45	9
1850	59	41	10	4	61	0
1880	53	47	15	1	84	0
Número de nombres en porcentajes						
	Niños			Niñas		
	1	2	3	1	2	3
1620	100			100		
1700	98,1	1,9		97,9	2,1	
1750	89,6	10,4		80,8	19,2	
1800	54,2	33,3	12,5	62,8	28,6	8,6
1850	72,9	25,4	1,7	51,2	37,3	2,4
1880	69,8	28,3	1,9	72,3	21,3	6,4

Fonte: Rey Castelao, O., Barreiro Mallón, B. (2014). Apadrinar a un pobre en la diócesis de Santiago de Compostela, siglos XVII-XIX. En Pérez Álvarez M. J., Lobo de Araújo, M. M. (coords.). *La respuesta social a la pobreza en la Península Ibérica durante la Edad Moderna* (pp. 209-238). Universidad de León, Servicio de Publicaciones, p.224.

Táboa 17: Repertorio onomástico dos expósitos do Hospital Real de Santiago de Compostela

Masculino			Femenino		
José	18	13,64%	María	30	26,32%
Antonio	14	10,61%	Josefa	9	7,89%
Juan	9	6,82%	Tomasa	6	5,26%
María	9	6,82%	Francisca	5	4,39%
Manuel	8	6,06%	Teresa	5	4,39%
Resto nombres	56,06%		Resto nombres	51,75%	
Total casos	132		Total casos	114	
Repertorio total	48		Repertorio total	49	

Fonte: González López, T. (2018). *Prácticas colectivas en las comunidades parroquiales de la Galicia interior, siglos XVI-XIX*. [Tese doutoral, Universidade de Santiago de Compostela], p.356.

Táboa 18: Orixe dos nomes asignados aos expósitos na diócese de Lugo

	Nº	%
Sin relación	105	39,47
Santoral	57	21,43
Madrina	50	18,80
Padrino	28	10,53
Cura	15	5,64
Familiares	7	2,63
Patrón parroquia	4	1,50

Total	266
-------	-----

Fonte: González López, T. (2018). *Prácticas colectivas en las comunidades parroquiales de la Galicia interior, siglos XVI-XIX*. [Tese doutoral, Universidade de Santiago de Compostela], p. 356.

Táboa 19: Número de nomes asignados aos expósitos

Número unidades	Nº	%
1 nombre	119	66,1
2 nombres	53	29,4
3 nombres	7	3,9
4 nombres	1	0,6

Fonte: González López, T. (2018). *Prácticas colectivas en las comunidades parroquiales de la Galicia interior, siglos XVI-XIX*. [Tese doutoral, Universidade de Santiago de Compostela], p. 354.

Táboa 20: Soldo da Ama Maior de Expósitos no Hospital Real de Santiago

Año	Salario en metálico	En especie: 50f.trigo	Salario especie/S. Metálico
1700	58,28 rs.	213 rs.	3,7
1701	58,28 rs.	?	-
1702	58,28 rs.	237 rs.	4,1
1703	58,28 rs.	350 rs.	6,0
1756	608,28 rs.	479 rs.	0,8
1757	608,28 rs.	550 rs.	0,9
1758	608,28 rs.	423 rs.	0,7
1759	608,28 rs.	423 rs.	0,7
1792	1010,0 rs.	600 rs.	0,6

1793	1010,0 rs.	825 rs.	0,8
1794	1010,0 rs.	773 rs.	0,7
1795	1010,0 rs.	725 rs.	0,7

Fonte: Rial García, S.M., (2003). *Mujer y actividad económica en la Galicia moderna. La inserción de las mujeres en la producción económica rural y urbana.* Universidade de Santiago de Compostela, p.506.

Táboa 22: Incremento do soldo nominal no Hospital Real de Santiado durante o século XVIII

Año	Salario nominal	Incremento	Salario deflactado	Incremento
1708	58,28 rs.	-	13,7	-
1756	608,28 rs.	943,0%	81,2	492,0%
1792	1010,0 rs.	66,0%	92,7	14%

Fonte: Rial García, S.M., (2003). *Mujer y actividad económica en la Galicia moderna. La inserción de las mujeres en la producción económica rural y urbana.* Universidade de Santiago de Compostela, p. 514.


Táboa 23: Número de nomes e de expósitos da Inclusa de A Coruña, 1793-1891

Tabla 7: Apadrinamiento de expósitos

Fechas	Niños			Niñas		
	Padrino	Madrina	Los dos	Padrino	Madrina	Los dos
1793/1800	26,9	44,2	28,8	40,0	39,0	21,0
1810/1811	0,0	100	0,0	0,0	100	0,0
1813/1814	8,9	91,0	0,0	5,4	91,9	2,7
1820/1821	1,0	92,9	5,7	0,0	100	0,0
1830/1831	0,0	100	0,0	0,0	100	0,0
1850/1851	0,0	100	0,0	1,4	98,6	0,0
1860/1861	84,6	15,4	0,0	0,0	100	0,0
1870/1871	87,0	3,0	0,0	2,0	98,0	0,0
1890/1891	92,3	7,7	0,0	15,4	84,6	0,0


Fonte: Rey Castelao, O. e Castro Redondo, R., (2018). Ilegítimos y expósitos en A Coruña, 1793-1900: apadrinamiento y onomástica. En Lobo de Araújo, M. e Martín García, A. *Os marginais, séculos XVI-XIX* (pp. 11-34) . Edicións Humus. p. 11.

Gráfica 1: Concepcións dos expósitos do Hospital real, 1661-1840




Fonte: Martínez Rodríguez, E. (2014). *La población de Santiago de Compostela (1630-1860). Estructuras, coyunturas y comportamientos demográficos*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela, p.841.

Gráfica 2: Defunción de expósitos do Hospital Real (ata 5 anos), 1751-1759




Fonte: Martínez Rodríguez, E. (2014). *La población de Santiago de Compostela (1630-1860). Estructuras, coyunturas y comportamientos demográficos*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela, p.854.

Gráfica 3: Defuncións ata os 15 anos, 1731-1810



Fonte: Martínez Rodríguez, E. (2014). *La población de Santiago de Compostela (1630-1860). Estructuras, coyunturas y comportamientos demográficos*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela, p.857.

Gráfica 4: Salarios nominais de lactancia das amas externas en Galicia, 1700-1900 (en reais de vellón)




Fonte: Dubert García, I., Muñoz Abeledo L. M., (2021). Salarios femeninos y economías familiares: las amas de cría de los hospicios de Galicia (1700-1900). En Sarasúa C. (ed.), *Salarios que la ciudad paga al campo. Las nodrizas de las inclusas en los siglos XVIII y XIX* (pp. 44-67), Publicacions de la Universitat d'Alacant, p. 58.

Mapa 1: Distribución de expósitos do Hospital Real de Santiago de Compostela na Diocese de Santiago de Compostela. Ano 1750.



Fonte: Eiras Roel, A. (1968). La casa de expósitos del Real Hospital de Santiago en el s. XVIII. *Separata. Extra comercial del Boletín de la Universidad Compostelana*, (75-76).

Mapa 2: Área de reclutamento de amas de cría externas que traballan para a inclusa do Hospital Real de Santiago de Compostela, 1787-1896



Fonte: Dubert García, I., Muñoz Abeledo, M. L. (2023). Gender, Work, and Family Economies. Wet Nurses in Rural Galicia, 1850-1900. *Rural History*, 34, p. 11.

Mapa 3: As dúas grandes áreas de reclutamento de amas de cría externas en Galicia (1858-1860)





Figure 3. Location of labour markets for external wet nurses of Galician founding hospitals (1858-60).
 Source: AHUS, Sección Expositos, legajo 233; ADC, *Hogar Infantil do Coruña*, legajo M. 4127; Archivo Histórico Provincial de Ourense (hereafter AHPO), Fondo Deputación Provincial, *Inclusa*, legajos 5904, 5905, 6416, 6417. Prepared by the authors.


Fonte: Dubert García, I., Muñoz Abeledo, M. L. (2023). Gender, Work, and Family Economies. Wet Nurses in Rural Galicia, 1850-1900. *Rural History*, 34, p. 5.

Mapa 4: Área de influencia máxima do Hospital Real de Santiago de Compostela e as vías de comunicación en Galicia, 1797-1833



Fonte: Dubert García, I., (2013) L'abandon d'enfants dans l'Espagne de l'Ancien Régime : réévaluer l'ampleur et les causes du phénomène. *Annales de démographie historique*. 1(125), p. 147.

Mapa 5: Distribución por municipios do apelido Rey



Fonte: IGE (2023). *Distribución por municipios do apelido Rey*. Recuperado da base de datos do IGE.